


ATENEA


[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A.) · Xullo - Agosto - Setembro 2006]

FALAMOS DE:

} Planta de Gas en Ferrol. Manifestación en Madrid
Escrito ao Ministro de Industria

} As conclusións sobre o "Prestige"

} O Galego:
un Dereito
e un Deber



ARTIGOS:

} Memoria Histórica
por Herminio Barreiro Calvete

} Expedición arqueolóxica
da UAC (Ferrol)
no Próximo Oriente
por Juan-Luis Montero Fenollós




nº 24

OUTRAS ENTIDADES, SERVICIOS, BREVES,
MULLER, TEATRO, O PARNASO ...
e a PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE

r/ Merced, 11 · 15401 - FERROL · Teléfono: 981 35 26 25 Fax: 981 35 23 62 Telf. Lonja-Gándara: 981 31 44 33

CONFRARÍA DE PESCADORES
- FERROL -



Os traballadores e traballadoras do mar
ao servicio da vida e do desenvolvemento sostible



SUMARIO



ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 24
Xullo-Agosto-Setembro
2006

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Magdalena, 202, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneoferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos).

O Ateneo Ferrolán respeta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores




CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
María Xosé Villar Corral

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Ateneo Ferrolán

ILUSTRACIÓNS e CABECEIRAS
Leandro, Juan de la Fuente

COLABORACIÓNS
Alexandre Carrodeguas, Isabel Lodeiro Vales, Juan Luis Montero Fenollós, Juan J. Burgoa, Herminio Barreiro Calvete, Olga Aguiar, Sara Cienfuegos, Arantxa Serantes, Ana Arias Saavedra.

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza:
BODEGA 147, MESÓN "O ESCUDO", A ESCOLA DA VACA, MOLDURAS COBELO, FOTOS JOSBE, VIAJES PACO, LIBRERÍA DEL CAMPUS, CONFRARÍA DE PESCADORES DE FERROL, CENTRAL LIBRERA, JOYERÍA JENARO, O BODEGÓN BACORIÑO





Observo día tras día

manobras dos buques de guerra da nosa flota, e de cando en vez dos que BAZÁN - IZAR - NAVANTIA, xa non sei..., ben, a CONSTRUCTORA que dirían os nosos avós, entrega a outros países ...

Tamén me recreo cos movementos dos grandes carboeiros, dos chatarreiros, dos transportes de madeira, contedores, etc., etc.

Moitos destes en breve operarán no porto exterior. Seguirán os máis pequenos: botes de pesca, veleiros de recreo, e por suposto, esperamos, a lancha de Mugardos.

Por meses, até centos de pequenas embarcacións sucan con forza e poderío para desprazarse e dedican horas coas liñas ou as rañas na procura da xenerosa pesca.

Ás veces, moitas veces ó cabo do ano, veleiros de unha, dúas e até tres velas deslízanse polas cristalinas augas da enseada. Non me esquezo dos "roll-on roll" do papel e ultimamente dos grandes cruceiros con milleiros de pasaxeiros.

Diante destas diarias contemplacións co telón de fondo da PLANTA DE GAS, non deixo de darlle voltas:

¿como farán ... terán contemplado e analizada a situación?

¿será compatible a operatividade necesaria e permanente de dous gaseiros (mínimo) por semana, con todo ese tráfico ...

¿está iso proxectado a tódalas instancias, ou será que, como noutros temas, parece que alguén se empeña en facer o mundo ao revés: os tráficos doados non, para fóra ou elimínalos, os perigosos dentro, no corazón da ría, a carón das vivendas ...

TREMENDA IRRESPONSABILIDADE a dos que botan por diante a falsa razón do ALTO INTERESE ESTRATÉXICO DUNHA INSTALACIÓN QUE DE SEGUIR ONDE PRETENDEN ESTARÁ PERMANENTEMENTE NUN ESTADO DE PRECARIEDADE ASOMBROSO, IMPOSIBLE DE SE SOSTER POR MOITO TEMPO.

UNHA INSTALACIÓN:

- CON SERIAS DIFICULTADES NO SEU SUBMINISTRO.
- CON PERMANENTE RISCO PARA A VIDA DO CONTORNO.
- CON MOITAS POSIBILIDADES DE SER PECHADA:
  - POLA XUSTIZA ESPAÑOLA
  - POLOS TRIBUNAIS EUROPEOS
- EN COLISIÓN CONSTANTE CON:
  - O DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO E PESQUEIRO DA RÍA.
  - AS INSTALACIÓNS E FLOTAS DE DEFENSA NACIONAIS E INTERNACIONAIS.
  - O PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO.
  - O PATRIMONIO HISTÓRICO E AS POSIBILIDADES DO RECOÑECEMENTO DA UNESCO.
  - O REXEITAMENTO DE PARTE DA CIDADANÍA QUE NON VAI DEIXAR DE **DENUNCIAR** OS EFECTOS NOCIVOS PARA A RÍA SE CHEGA A FUNCIONAR E IGUALMENTE A DENUNCIA DE TODOS E CADA UN DOS **GASEIROS** QUE ENTREN NA RÍA CONVERTÉNDOA NUNHA RATEIRA MORTAL POR MOR DO RISCO DE ACCIDENTES DE DIVERSO GRAO E DA IMPOSIBILIDADE DE ZAFARSE RAPIDAMENTE CARA AO MAR ABERTO, POLOS SEUS PROPIOS MEDIOS EN TODO MOMENTO, E AÍNDA COAS AXUDAS DE REMOLCADORES, NIN DE NOITE NIN NA BAIXA MAR.

Asombroso o EMPECINAMENTO de montar aí dita instalación ACELERANDO AO MÁXIMO A SÚA CONSTRUCIÓN apoiándose en INFORMES FALSOS ou TRUCADOS, nun alucinante contubernio de:

- A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA
- A ADMINISTRACIÓN CENTRAL
- O CAPITAL: BANCOS E CAIXAS
- EMPRESAS DO SECTOR
- UN EMPRESARIO LOCAL INEXPERTO NESE CAMPO
- A XURISDICIÓN MILITAR
- O PODER MEDIÁTICO.

CON TODO ESE POTENCIAL PODEMOS VER E AVALIAR (OS QUE SE ATREVAN) ATA ONDE CHEGARON, ASOMBRARNOS E ESTREMECERNOS, PERO CONFIANDO NA **XUSTIZA.**

ELA VAI FUNCIONAR E VAI RESOLVER, PARA BEN DE TODOS E TODAS.

OS QUE NON QUIXERON VER, PROFUNDAR NO QUE DENDE HAI ANOS VIMOS EXPOÑENDO, QUE EMPECEN A BUSCAR EXPLICACIÓNS SE AS ATOPAN.

OS TEMPOS SON CHEGADOS.

SE SON VALENTES SÓ LLES QUEDARÁ DICIR TODA A VERDADE...

ATENEO FERROLÁN

O ATENEO FERROLAN E A SÚA XUNTA DIRECTIVA SE SUMA Ó APOIO E ADHESIÓN Á CAMPAÑA A FAVOR DE ISAAC DIAZ PARDO



AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS



Anuario da gaita 2005 Nº 20
Ed.Escola Provincial de Gaitas. Deputación de Ourense
D.L.: OU-92/98

Está a disposición dos usuarios da hemeroteca as máis de 300 cabeceiras coas que contamos.






Imagen y comunicación Nº 76
Ed. Noroeste de Imagen y Comunicación
D.L.: C-1874-99



O viaxeiro. Revista escolar do Centro Rexional de Educación Especial Nº 6
Ed. Centro Rexional de Educación Especial

PRENSA
local, rexional, nacional e internacional

Diario de Ferrol
La Voz de Galicia
Galicia Hoxe
El Correo Gallego
A Nosa Terra
Faro de Vigo
La Opinión de A Coruña
El País
El Mundo
El Mundo Obrero



Cerna. Revista galega de ecoloxía e medio ambiente Nº 48
Ed. ADEGA
ISSN: 1136-2677

QUEREMOS AGRADECER ÁS SEGUINTES PERSOAS E INSTITUCIÓNS AS IMPORTANTES DOAZÓNS EFECTUADAS PARA A NOSA BIBLIOTECA-HEMEROTECA:

TERESA ALONSO, JUAN BURGOA, LIDIA MOSQUERA, GERMAN PÉREZ




AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA


NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS



Os desherdados
Henrique Dacosta
Ed. Embora, ISBN: 84-95460-50-5



Abordajes. (Folletón por entregas). Un relato cruel
José Torregrosa
Embora/Fuco Buxán, ISBN: 84-95460-52-1




Smara
Paula Carballeira
Ed. Kalandraka, ISBN: 84-8464-549-5

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS DA BIBLIOTECA, O CATÁLOGO INFORMATIZADO CON MÁIS DE 7.000 VOLÚMENES.



La vuelta al mundo en 80 días
Julio Verne
Rueda, J.M., ISBN: 84-95060-18-3



Ratas
Xaquín Marín
Ed. Embora, ISBN: 84-95460-54-8




Juanito Malde na lembranza
Mª Carme Malde
D.L.: 1469-2006

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS SOCI@S OS FONDOS DA

VIDEOTECA

con máis de 50 curtametraxes, obras de teatro, documentais, música...
E máis de 200 longametraxes, dende os clásicos ata o cine máis actual





PLATAFORMA POR UNA VIVIENDA DIGNA

web: http://www.viviendadigna.org
email: info@viviendadigna.org

Art. 47 de la Constitución Española de 1978.- *"Todos los españoles tienen derecho a disfrutar de una vivienda digna y adecuada. Los poderes públicos promoverán las condiciones necesarias y establecerán las normas pertinentes para hacer efectivo este derecho, regulando la utilización del suelo de acuerdo con el interés general para impedir la especulación. La comunidad participará en las plusvalías que genere la acción urbanística de los entes públicos".*

A ausencia dun mecanismo de control democrático no caso de omisión das disposicións contidas na Carta Magna, causou que os nosos sucesivos gobernos nas súas diferentes instancias –nacional, autonómico e local– esquecéranse sistematicamente de buscar fórmulas que garantan a aplicación dun artigo que recolle un dereito básico de todo cidadán: o acceso a unha vivenda digna. Esta deixación de obrigacións causou que:

- Produciuse unha escalada desorbitada dos prezos da vivenda fronte aos salarios en todo o territorio nacional, entre 1987 e 2005 os prezos da vivenda incrementáronse máis dun 250%, mentres que os salarios apenas se incrementaron por encima do IPC. (1)

- Que o acceso á vivenda por parte da poboación nova converteuse en algo practicamente imposible con esforzos medios de compra que involucran nalgunhas comunidades preto do 90% do salario dunha moza e do 60% no caso dunha parella nova, o que unido aos tamén altísimos prezos do aluguer, tradúcese nunha baixísima taxa de emancipación a nivel nacional do 40% e nuns niveis preocupantes de endebedamento familiar para aqueles que si conseguiron emanciparse. (2)

- Proliferen as vivendas baleiras e secundarias que, na maioría dos casos, son mantidas así con fins especulativos: En España segundo o último censo de poboación e vivendas realizado no ano 2001, hai 3.091.596 vivendas baleiras, ás que se se suman as 3.351.300 vivendas secundarias, atopamos un total de 6.442.896 vivendas que ou ben non se usan, ou ben se empregan cunha intensidade reducida. (3)

- Produciuse unha drástica redución da construción de vivendas de protección pública, precisamente nun momento de conxuntura tan difícil respecto ao acceso á vivenda: Se en 1980 construíronse 120.000 vivendas de protección oficial en todo o territorio nacional, no ano 2004, construíronse tan só 55.640, o que non alcanza sequera un 7% do total de vivendas construídas. A escasa proporción de vivendas de protección oficial respecto de a vivenda libre, favoreceu os focos de exclusión social nos barrios de menor poder adquisitivo. (4)

- Experimentouse que o crecemento da economía española se apoie nun recurso de dubidosa sustentabilidade como é a construción e que se produciu unha atracción masiva do investimento privado con fins lucrativos sobre un ben de primeira necesidade como é a vivenda. O encarecemento derivado deste incremento de demanda provocou que a un amplo sector da población se lle negue o acceso a ese ben de primeira necesidade e a outro gran sector, supóñalle endebedamentos por períodos de ata 40 e 50 anos. Como datos significativos, a construción contribuiu en 2003 cun 22% ao aumento da riqueza nacional e o investimento estranxeiro en inmobles españois crece cada ano, mentres no resto de áreas diminúe, e xa supón un 40,5% do total do investimento estranxeiro directo no noso país. (5)

- Descenda a calidade de vida da maioría dos cidadáns na maioría das capitais e permitiuse que os barrios céntricos, con infinidade de vivendas baleiras, non teñan unha adecuada substitución xeracional que permita seguir amortizando instalacións e infraestructuras. Mentres, a obsesión pola construción de novos barrios na periferia provocou o colapso das vías circulatorias e medios de transporte nos desprazamentos diarios cara aos postos de traballo, dificultades de mobilidade que tamén se viron agravadas pola concentración inexplicable de grandiosas superficies comerciais en zonas de alto poder adquisitivo.

- Produciuse un desbaldimento de recursos naturais, como a auga ou a enerxía e un dano irreparable a espazos de gran valor medioambiental, coa construción de vivendas cuxa demanda só está sustentada por grupos de investi-

«A un amplo sector da población se lle nega o acceso a un ben de primeira necesidade. A outro gran sector, supónlle endebedamentos por períodos de ata 40 e 50 anos.».

mento que teñen como único obxectivo a especulación e o beneficio inmediato fóra de toda lóxica productiva e desenvolvemento sostible.

- Escaseza de inspección e regulación dun sector no que aumentaron significativamente os abusos e delictos: economía mergullada, defectos de construción, infravivendas, contratos abusivos, información falseada, sociedades 'pantasma', etc. Isto levou a organismos como a Axencia Tributaria a tomar medidas para redobrar o control deste tipo de negocios, pero ata a data, non se tomaron medidas concretas para protexer aos particulares fronte ao que é, na maioría dos casos, o maior esforzo financeiro das súas vidas.

Dito todo o anterior e en nome de todos aqueles cidadáns que conforman a PLATAFORMA POR UNHA VIVENDA DIGNA, REIVINDICAMOS:

1) O inmediato e drástico incremento do gasto público na construción ou posta no mercado de vivenda protexida, preferiblemente de promoción pública e en axudas directas ao aluguer, de forma que se garanta o acceso a unha vivenda digna a todos aqueles cidadáns con limitacións económicas que lles impidan costeala sen unha perda significativa da súa calidade de vida.

2) Un enérxico aumento da presión fiscal e de forma exponencial en relación ao número de vivendas acumuladas e tempo de desocupación, para todas aquelas persoas físicas ou xurídicas posuidoras de vivendas secundarias e, sobre todo, para os posuidores de vivendas baleiras.

3) A creación, por parte da administración central, de informes mensuais rigorosos, amplos e imparciais sobre a evolución dos prezos tanto da vivenda libre, como da vivenda usada e o solo. Hase de garantir tamén que os medios de comunicación públicos fagan referencia expresa a estes datos en contraste aos emitidos por entidades privadas. Así mesmo, nas taxacións de novas vivendas, hase de informar claramente dos custos derivados do prezo do solo e da construción.

4) A inclusión do custo da vivenda en réxime de compra e aluguer no Índice de Prezos de Consumo, de maneira que se teña unha medida real da inflación soportada pola cidadanía.

5) A creación dunha axencia de control da fraude inmobiliaria que en base a unha Lei Integral da Vivenda, prevexa unhas garantías mínimas na oferta inmobiliaria, ben sexa en obra nova ou en vivenda usada. Esta axencia tamén debería dispoñer dun corpo de inspectores eficaz que acabe cos abusos e a fraude inmobiliaria sobre a vivenda libre ou en réxime de aluguer e, no caso de vivendas protexidas, que realice un control estricto sobre os sobreprezos impostos polo promotor e o uso que se fai das mesmas por parte dos adxudicatarios, de maneira que se evite custe o que custe que esas vivendas protexidas volvan a engrosar a oferta a prezos de mercado.



6) A prohibición expresa da subhasta como medio de adxudicación de solo público e de calquera outro método que fomente o crecemento artificial dos prezos. Tamén, o establecemento de sancións, transcorrido un período máximo, para aqueles solos de titularidade privada catalogados como urbanizables que se mantenan sen edificar dentro dos núcleos urbanos.

7) A participación na xestión do solo de órganos independentes con dereito a veto que regulen racionalmente as xuntas de compensación e que evite a creación ou modificación de plans de actuación urbanística que vaian en contra do interese xeral dos cidadáns en favor duns poucos.

8) A supresión de trabas administrativas respecto da autoconstrución de vivendas e o fomento do cooperativismo como vía alternativa para a construción de vivendas.

9) O maior control legal sobre impagos de arrendatarios e o establecemento dun réxime fiscal especial para arrendatarios e arrendadores, que se traduza en desgravacións fiscais significativas para todos aqueles que escollan o aluguer como vía alternativa a compra/venda.

10) O establecemento de criterios de sustentabilidade medioambiental e de obxectivos sociais concretos á hora de elaborar os plans de vivenda, de forma que a vivenda de protección oficial e as políticas de ordenación urbana deixen de ser un parche para os problemas de acceso á vivenda, e convértanse nunha ferramenta eficaz para aumentar a calidade de vida de todos os cidadáns, agora e no futuro.


11) Prohibición de uso residencial para aquelas infravivendas existentes no mercado, en venda ou aluguer e a regularización daqueles "lofts" que cumpran unhas condicións mínimas de habitabilidade, de forma que se permita a cualificación do seu uso como vivenda.

12) A creación dun fondo de compensación para resarcir de xeito cautelar aos afectados por atrasos, delictos ou abusos inmobiliarios, en espera de que se depuren responsabilidades por vía xudicial e, se chega o caso de insolvencia, creba ou desaparición da sociedade responsable; a asunción final da débeda.

13) O establecemento por lei dun tempo de retorno máximo de préstamos hipotecarios de 15 anos e a obrigatoriedade dun seguro hipotecario que preste cobertura ante situacións de paro ou enfermidade grave.

14) A supresión progresiva e non retroactiva das desgravacións fiscais pola compra de vivenda de maneira que se acabe coa inxustiza social que supón que persoas que non poden acceder a unha vivenda, estean pagando por vía impositiva a vivenda doutras persoas e se fomente deste xeito a compra fronte ao aluguer. ⌘

«Ata hoxe, non se tomaron medidas concretas para protexer aos particulares fronte ao que é, na maioría dos casos, o maior esforzo financeiro das súas vidas».



PLATAFORMA ÁRTABRA 21

DOCUMENTO CONSTITUINTE DA PLATAFORMA ÁRTABRA 21

XURDIMOS A FAVOR DUNHA POLÍTICA XUSTA, DEMOCRÁTICA, PARTICIPATIVA E SUSTENTÁBEL, RESPONSÁBEL CARA AO FUTURO DA HUMANIDADE, RESPEITUOSA E DEFENSORA DO MEDIO NATURAL

Ferrol, Costa Ártabra a 29 de Maio de 2006.

PREÁMBULO

A cimeira de Rio de Janeiro de 1992 concluíu coa necesidade de que a cidadanía tomase parte nas decisións que atinxen a sustentabilidade dos asentamentos humanos.

Posteriormente na Carta das Cidades Europeas Cara a Sustentabilidade (Carta de Aalborg-1994), partindo dunha realidade caracterizada polo esgotamento enerxético do planeta, a destrución sistemática do medio ambiente natural e un paulatino empeoramento da calidade de vida, as cidades europeas apostan por percorrer un camiño cara a substitución das actuais fontes de enerxía de orixe fósil por fontes de enerxía renovábeis, pola mellora da calidade de vida e a protección do medio ambiente.

Neste camiño trazado na Carta de Aalborg defendíase a PARTICIPACIÓN CIDADÁ coma un dos eixes imprescindíbeis para acadar estes obxectivos.

Na actualidade, máis dunha década despois da Carta de Aalborg, vemos como no noso entorno urbano e natural inmediato, lonxe de camiñar na liña proposta por este documento, as diferentes administracións teiman en levar a termo proxectos que atentan en contra da calidade de vida da cidadanía, (e moitas veces tamén en contra da súa propia seguranza), depredando e degradando o patrimonio cultural e natural herdado, desenvolvendo políticas territoriais, urbanísticas e enerxéticas insustentábeis.

«Será prioritaria para a plataforma ÁRTABRA 21 a IGUALDADE o sostemento da PAZ e a SOLIDARIEDADE».

DECLARACIÓN DE PRINCIPIOS

Analisada e debatida a actual situación política e social, as diferentes asociacións, colectivos e organizacións temos a necesidade de nos xuntar e nos organizar motivada polos abusos das administracións e indefensión dos cidadáns, decidimos fundar unha PLATAFORMA aberta, DEMOCRÁTICA sen condicións, que integre a toda a cidadanía baixo o nome de ÁRTABRA 21.



Xurdimos pois a favor dunha política xusta, democrática, participativa e sostíbel, responsábel cara ao futuro da humanidade, respeituosa e defensora do medio natural.

Entendemos que a nosa acción en prol dos obxectivos expresados ten que ser democrática, transparente e pública, levando parello un esforzo de información e difusión das nosas propostas, co fin de que o que nós defendamos sexa representativo da opinión e dos intereses da maioría da cidadanía.

Para garantir o desenvolvemento efectivo destes principios democráticos, a tomada de decisións será en asemblea pública e aberta a calquera organización que ACEPTAR e ASINAR os obxectivos xerais aquí enunciados.

A PLATAFORMA ÁRTABRA 21, estará composta por Asociacións, Entidades, Organizacións e persoas a título individual.

Esta plataforma será totalmente independente, definindo através deste DOCUMENTO e posteriores Resolucións Asembleares as súas políticas propias, non estando baixo a influencia nin dependencia de organización ningunha, partido político, entidade ou asociación, declarándose ademais aconfesional.

Será prioritaria para a plataforma ÁRTABRA 21 os principios fundamentais cara a IGUALDADE o sostemento da PAZ e SOLIDARIEDADE, denunciando as actitudes que fagan apoloxía da guerra, violencia, xenofobia, machismo, ... etc.

«O ámbito de actuación da PLATAFORMA é a zona coñecida por COSTA ÁRTABRA».

OBXECTIVOS XERAIS

A defensa de políticas a prol da xustiza social deberán estar apoiadas na formulación realista de alternativas sempre e cando isto for posíbel. Así entre outras apoiamos:

- As políticas baseadas no transporte público e nos modos non contaminantes fronte as que defenden a prioridade do vehículo privado.
- As dotacións e servizos públicos Asistenciais, Sanitarias, Culturais, Deportivas, Sociais, Docentes.
- Os espazos públicos como centro da vida das cidades e vilas fronte a exclusividade dos centros comerciais e a privatización dos espazos e servizos públicos.
- O dereito a unha vivenda digna fronte a especulación inmobiliaria.
- As fontes de enerxía renovábeis e aforro enerxético fronte aos combustíbeis fósiles.
- A preservación do patrimonio cultural material ou inmaterial, da biodiversidade e dos espazos naturais fronte á depredación e destrución por motivacións e intereses económicos.
- A defensa da igualdade fronte a marxinación e a exclusión social.
- A defensa da continuidade histórica do territorio e o necesario entendemento das súas estruturas económica e medioambiental como apoio necesario para un desenvolvemento sustentábel.

UNHA SOCIEDADE SOCIAL E ECOLOXICAMENTE SUSTENTÁBEL, É POSÍBEL

- A defensa da lingua e cultura Galega, utilizando o Galego como lingua oficial da Plataforma.
- Promover, apoiar e conseguir a INICIATIVA POPULAR e maiores cotas de PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

A defensa do dereito a unha información veraz e obxectiva fronte a manipulación mediática.

MÉTODO E PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS

O funcionamento da plataforma, baséase no compromiso individual e colectivo moral de participación para lograr a consecución de obxectivos.

Esta plataforma está aberta a entidades, organizacións e persoas de xeito individual que soliciten a súa integración, que será ratificada pola asemblea.

Faranse Asembleas todos os últimos martes laborais de cada mes.

Constituirase unha Xunta Coordenadora, formada por 2 coordenadores e 2 responsábeis de actas e contas, estes serán renovados de xeito alternativo cada asemblea.

Para as xuntanzas urxentes, a Xunta Coordenadora fará a convocatoria o máis rápido posíbel.

Para cada evento ou tema concreto nomearase un Comité organizador Permanente, até rematar este feito.

As asembleas acordarán por Resolucións os principios xerais que rexerá a PLATAFORMA, o método para un funcionamento áxil e dinámico, e as actuacións concretas a desenvolver

Non poderá exercer de portavoz da Plataforma Ártabra 21 a mesma persoa dúas veces consecutivas.

Esta declaración de principios poderá ser revisada en cada Asemblea, previa presentación por escrito do texto a engadir ou corrixir.

Contacta con nós enviando un correio-e a: artabra21@gmail.com



PLANTA DE GAS EN FERROL

Alexandre Carrodeguas,
Comité de Emerxencia de Ferrol.

PUBLICADO EN CASTELÁN NO diario "El PAIS" o día 1 de xullo de 2006

Dentro da angosta Ría de Ferrol estase promovendo un "Crime contra a Humanidade". Constrúese unha Planta de Gas, que pretende almacenar 600.000 metros cúbicos de Gas Natural Licuado, encostada a un complexo petroquímico que xa contén 300.000 metros cúbicos de combustibles e outros produtos químicos cancerixenos.

Esa Planta de Gas en funcionamento ameazaría permanentemente a vida da poboación próxima, (40.000 persoas nun radio de 3 quilómetros), destruiría a produción marisquera de Ría e a potencial riqueza turística do seu patrimonio histórico. Tamén destruiría unha zona arqueolóxica con restos de pobladores romanos, dos mellor conservados de Galicia.

Estase incumplindo a lexislación española e europea de medioambiente, ordenación do territorio, prevención de riscos por accidentes graves, costas e patrimonio.

Os buques gaseiros de 135.000 m3, cargados de GNL, dentro de Ría estarían nunha trampa mortal, en caso de urxencia durante a descarga non poderían saír a mar aberto polos seus propios medios; en determinadas circunstancias de marea, néboa ou vento seríalles imposible saír pola sinuosa e estreita canle de catro quilómetros de lonxitude e 150 metros de ancho entre boias.

Se incumple tamén a sentenza de 23 de xuño 2004 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que esixe un estudo de impacto ambiental.

Devandita Sentenza foi recorrida ao Tribunal Supremo e foron aceleradas as obras pola empresa Reganosa, pretendendo terminalas. Nos Tribunais Superiores de Xustiza de Galicia e de Madrid, están solicitadas medidas cautelares de paralización de obras.

Existen alternativas de ubicación no exterior da ría de Ferrol.

Logo dos atentados do 11-S-2001 en Nova York, en EE UU, Holanda e Italia decidiron situar estes proxectos en mar aberto e están cancelando os de terra firme. Plantas de Gas como a de Boston están suscitando trasladalas a lugares illados para suprimir obxectivos ao terrorismo internacional.

«Pedimos que a Administración do Estado se decida paralizar as obras de Reganosa en base ás omisións e irregularidades do procedemento».

Pedimos que a Administración do Estado se decida paralizar as obras de Reganosa en base ás omisións e irregularidades do procedemento, con independencia das decisións que procedan polas omisións e danos producidos, cando o Tribunal Supremo resolva e se emita así mesmo sentencia nos once contenciosos a trámite nos tribunais. Queremos evitar danos irreversibles ao mediombiente e ao patrimonio histórico, ademais de que, tras un accidente grave, tivésese que lamentar o peor para a poboación próxima.





Dous momentos da manifestación en Madrid

Escrito de J M Fontao dirixido ao Ministro de Industria, con data 27 de xuño de 2006

Al Ministro de Industria
Paseo de la Castellana, 160
28071 - Madrid

MINISTERIO DE INDUSTRIA,
TURISMO Y COMERCIO
Entrada
001 Nº 200600104581
27 de junio de 2006 11:27:36

Don José María Fontao Pita, con DNI 32503417 K, con domicilio a efectos de notificaciones en Rúa Coruña, 32 FERROL C.P 15405, comparece y como mejor proceda DICE

Dentro de la Ría de Ferrol, la Empresa Reganosa, con una autorización de 13 de febrero de 2004, está construyendo una Planta de Regasificación, con un proyecto de almacenamiento de 600.000 metros cúbicos de Gas Natural Licuado, en un espacio rodeado de población, amenazando la vida de miles de ciudadanos y el medio de vida de casi mil familias que viven de la extracción del marisco, peligro que aumentaría por la entrada de un gran numero de buques gaseros para suministro de dicha planta.

Para llevar a cabo su pretensión, la empresa Reganosa ha contado con la complicidad de los anteriores gobiernos central del Sr. Aznar y del Auntonómico del Sr. Fraga, a pesar de una sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Galicia que en junio de 2004 anuló la falsa tramitación medioambiental para Reganosa realizada por la Conselleria de Medioambiente de la Xunta de Galicia, quienes recurrieron al Tribunal Supremo. Mientras tanto Reganosa ha acelerado las obras y estos meses ha anunciado la entrada en funcionamiento para el año 2007, con prueba de descarga de gaseros anunciada también para finales del 2006.

Los actuales Gobierno Central y la Xunta de Galicia permiten siga creciendo esa amenaza a la población de la Ría de Ferrol, dicen que se han cubierto los trámites legales, con informe de seis organismos consultados y que están a la espera de lo que decida el Tribunal Supremo, los tribunales en once contenciosos admitidos a trámite, o la Comisión Europea en el expediente abierto en el 2003 contra el estado español, porque Reganosa vulnera las directivas de evaluación de impacto ambiental y de prevención de riesgos de accidentes graves (Seveso II).

Pero según el Real Decreto 1434/2002, Reganosa tiene que solicitar del Ministerio de Industria la autorización de funcionamiento, y por otra parte en la autorización de 13-2-2004 existen condicionados de imposible solución con la ubicación caprichosa elegida por los promotores dentro de la Ría de Ferrol.

Dado que hay nuevos responsables en el gobierno central y en la Xunta de Galicia, deben revisar las irregularidades del expediente acumulado en el Ministerio de Industria y asimismo las falsedades en los informes de los seis organismos consultados en los años 2001 y 2003, en especial los de la Consellerias de Industria y la de Ordenación del Territorio de la Xunta de Galicia, los cuales han sido hechos para favorecer a Reganosa a costa de un mal ejercicio competencial en las distancias suficientes que deben existir desde las industrias peligrosas hasta la población, según requiere el artículo 12 de la directiva Seveso II, y asimismo han vulnerado el artículo 4 del Reglamento de Actividades Peligrosas, (RAMINP) que en España requiere mas dos kilómetros, sin que sean posibles ni creíbles las medidas correctoras a las que aluden dichos informes sin precisar cuales pueden ser.

También deben ser revisados los falsos informes de 15/10/2001 y 21/1/2004 de la Autoridad Portuaria de Ferrol, quien no ha respondido a la pregunta que expresamente le hizo la Dirección General de Política Energética y Minas en un escrito de 15 de octubre de 2001, en cuanto a si con el proyecto de Reganosa era posible cumplimentar la norma europea EN-1532, según la cual los gaseros en caso de emergencia deben poder salir a mar abierto rápidamente y por sus propios medios. Todos esos requisitos son imposibles de cumplimentar.

Le recordamos que en base a la cláusula 8ª de la Autorización administrativa previa, la Administración se reserva el derecho a dejar sin efecto dicha autorización por determinadas irreguralidades que cita y que entendemos se han dado en el caso de Reganosa. Venimos demandando que la Planta de Gas se ubique en el Puerto Exterior en construcción de Cabo Prioriño, que precisamente tuvo su origen en el año 1994 para ubicar allí una Planta de Gas. Solicitamos paralice las obras de Reganosa, o bien en mar abierto del Golfo Ártabro con la tecnología oFF-Shore.

Por todo ello a la vista de dichas irregularidades, solicito que el Ministro de Industria o el Consejo de Ministros, resuelvan paralizar las obras de Reganosa y que no autorice la entrada en funcionamiento de la Planta de Gas que dicha empresa construye adosada a un Complejo Petroquímico ya existente en ese mismo espacio con un almacenamiento de 300.000 m3 de combustibles y otros productos químicos. ...

Madrid 27 de junio de 2006

BOLIVIA, 1 MAIO 2006
DECRETO SUPREMO 28071

EVO MORALES AYMA
PRESIDENTE CONSTITUCIONAL DA REPÚBLICA - HEROES DO CHACO

Considerando: Que en históricas xornadas de loita, o pobo conquistou a costa do seu sangue, o dereito de que a nosa riqueza hidrocarburífera volva a mans da nación e sexa utilizada en beneficio do país.

Que no Referendo Vinculante de 18 de xullo de 2004, a través da contundente resposta á pregunta 2, o pobo decidiu, de xeito soberano, que o Estado Nacional recupere a propiedade de todos os hidrocarburos producidos no país.

Que de acordo ao expresamente disposto nos Artigos 136, 137 e 139 da Constitución Política do Estado, os hidrocarburos son bens nacionais de dominio orixinario, directo, inalienables e imprescriptibles do Estado, razón pola que constitúen propiedade pública inviolable.

Que por mandato do inciso 5 do Artigo 59 da Constitución Política do Estado, os contratos de explotación de riquezas nacionais deben ser autorizados e aprobados polo Poder Legislativo, criterio reiterado na sentenza do Tribunal Constitucional Nº 0019/2005 de 7 de marzo de 2005.

Que esta autorización e aprobación legislativa constitúe fundamento do contrato de explotación de riquezas nacionais por tratarse do consentimento que outorga a nación, como propietaria destas riquezas, a través dos seus representantes.

Que as actividades de explotación e produción de hidrocarburos estanse levando adiante mediante contratos que non cumpriron cos requisitos constitucionais e que violan expresamente os mandatos da Carta Magna ao entregar a propiedade da nosa riqueza hidrocarburífera a mans estranxeiras.

Que expirou o prazo de 180 días, sinalado polo Artigo 5 da Lei Nº 3058 de 17 de maio de 2005 Lei de Hidrocarburos, para a suscrición obrigatoria de novos contratos.

Que o chamado proceso de capitalización e privatización de Yacimientos Petrolíferos Fiscais Bolivianos YPFB significou non só un grave dano económico ao Estado, senón ademais un acto de traizón á patria ao entregar a mans estranxeiras o control e a dirección dun sector estratéxico, vulnerando a soberanía e a dignidade nacionais.

Que de acordo aos Artigos 24 e 135 da Constitución Política do Estado, todas as empresas establecidas no país considéranse nacionais e están sometidas á soberanía, leis e autoridades da República.

Que é vontade e deber do Estado e do Goberno Nacional, nacionalizar e recuperar a propiedade dos hidrocarburos, en aplicación ao disposto pola Lei de Hidrocarburos.

Que o Pacto Internacional dos Dereitos Civís e Políticos como tamén o Pacto dos Dereitos Económicos e Culturais, subscritos o 16 de decembro de 1966, determinan que: "Todos os pobos poden dispoñer libremente das súas riquezas e recursos naturais, sen prexuízo das obrigacións que derivan da cooperación económica internacional baseada no principio do beneficio recíproco, así como do dereito internacional. En ningún caso poderá privarse a un pobo dos seus propios medios de subsistencia".

Que Bolivia foi o primeiro país do Continente en nacionalizar os seus hidrocarburos, no ano 1937 á Standard Oil Co., medida heroica, que se tomou novamente no ano 1969 afectando á Gulf Oil, correspondendo á xeración presente levar adiante a terceira e definitiva nacionalización do seu gas e o seu petróleo.

Que esta medida inscríbese na loita histórica das nacións, movementos sociais e pobos orixinarios por reconquistar as nosas riquezas como base fundamental para recuperar a nosa soberanía.

Que polo exposto corresponde emitir a presente disposición, para levar adiante a nacionalización dos recursos hidrocarburíferos do país.

En Consello de Ministros, Decreta:

Artigo 1.- En exercicio da soberanía nacional, obedecendo o mandato do pobo boliviano expresado no Referendo vinculante do 18 de xullo do 2004 e en aplicación estrita dos preceptos constitucionais, nacionalízanse os recursos hidrocarburíferos do país. O Esta-

«...esta medida inscríbese na loita histórica das nacións, movementos sociais e pobos orixinarios por reconquistar as nosas riquezas como base fundamental para recuperar a nosa soberanía...».

do recupera a propiedade, a posesión e o control total e absoluto destes recursos.

Artigo 2.-

I. A partir do 1 de maio do 2006, as empresas petroleiras que actualmente realizan actividades de produción de gas e petróleo no territorio nacional, están obrigadas a entregar en propiedade a Yacimientos Petrolíferos Fiscais Bolivianos YPFB, toda a produción de hidrocarburos.

II. YPFB, en nome e en representación do Estado, en exercicio pleno da propiedade de todos os hidrocarburos producidos no país, asume a súa comercialización, definindo as condicións, volumes e prezos tanto para o mercado interno como para a exportación e a industrialización.

Artigo 3.-

I. Só poderán seguir operando no país as compañías que acaten inmediatamente as disposicións do presente Decreto Supremo, ata que nun prazo non maior a 180 días desde a súa promulgación, se regularice a súa actividade, mediante contratos, que cumpran as condicións e requisitos legais e constitucionais. Ao término deste prazo, as compañías que non asinen contratos non poderán seguir operando no país.

II. Para garantir a continuidade da produción, YPFB, de acordo a directivas do Ministerio de Hidrocarburos e Enerxía, tomará ao seu cargo a operación dos campos das compañías que se neguen a acatar ou impidan o cumprimento do disposto no presente Decreto Supremo.

III. YPFB non poderá executar contratos de explotación de hidrocarburos que non sexan individualmente autorizados e aprobados polo Poder Lexislativo en pleno cumprimento do mandato do inciso 5 do Artigo 59 da Constitución Política do Estado.

Artigo 4.-

I. Durante o período de transición, para os campos cuxa produción certificada promedio de gas natural do ano 2005 sexa superior aos 100 millóns de pés cúbicos diarios, o valor da produción distribuirase da seguinte forma: 82% para o Estado (18% de regalías e participacións, 32% de Imposto Directo aos Hidrocarburos IDH e 32% a través dunha participación adicional para YPFB), e 18% para as compañías (que cobre custos de operación, amortización de investimentos e utilidades).

II. Para os campos cuxa produción certificada promedio de gas natural do ano 2005 sexa menor a 100 millóns de pés cúbicos diarios, durante o período de transición, manterase a actual distribución do valor da produción de hidrocarburos.

III. O Ministerio de Hidrocarburos e Enerxía determinará, caso por caso e mediante auditorías, os investimentos realizados polas compañías, así como as súas amortizacións, custos de operación e rendabilidade obtida en cada campo. Os resultados das auditorías servirán de base a YPFB para determinar a retribución ou participación definitiva correspondente ás compañías nos contratos a ser asinados de acordo ao establecido no Artigo 3 do presente Decreto Supremo.

Artigo 5.-

I. O Estado toma o control e a dirección da produción, transporte, refinación, almacenaxe, distribución, comercialización e industrialización de hidrocarburos no país.

II. O Ministerio de Hidrocarburos e Enerxia regulará e normará estas actividades ata que se aproben novos regulamentos de acordo coa Lei.

Artigo 6.-

I. En aplicación ao disposto polo Artigo 6 da Lei de Hidrocarburos, transfírense en propiedade a YPFB, a título gratuíto, as accións dos cidadáns bolivianos que formaban parte do Fondo de Capitalización Colectiva nas empresas capitalizadas Chaco S.A., Andina S.A. e Transredes S.A.

II. Para que esta transferencia non afecte ao pagamento do BONOSOL, o Estado garante a reposición de apórtelos por dividendos, que estas empresas entregaban anualmente ao Fondo de Capitalización Colectiva.

III. As accións do Fondo de Capitalización Colectiva que están a nome dos Administradores de Fondos de Pensións nas empresas Chaco S.A., Andina S.A. e Transredes S.A., serán endosadas a nome de YPFB.

Artigo 7.-

I. O Estado, recupera a súa plena participación en toda a cadea produtiva do sector de hidrocarburos.

II. Nacionalízanse as accións necesarias para que YPFB controle como mínimo o 50% máis 1 nas empresas Chaco S.A., Andina S.A., Transredes S.A., Petrobrás Bolivia Refinación S.A. e Compañía Loxística de Hidrocarburos de Bolivia S.A.

III. YPFB nomeará inmediatamente aos seus representantes e síndicos nos respectivos directorios e asinará novos contratos de sociedade e administración nos que se garanta o control e a dirección estatal das actividades hidrocarburíferas no país.

Artigo 8.- En 60 días, a partir da data de promulgación do presente Decreto Supremo e dentro do proceso de refundación de YPFB, procederase á súa reestructuración integral, convertíndoa nunha empresa corporativa, transparente, eficiente e con control social.

Artigo 9.- En todo o que non sexa contrario ao disposto no presente Decreto Supremo, seguiranse aplicando os regulamentos e normas vixentes á data, ata que sexan modificados de acordo coa lei. Os Señores Ministros de Estado, o Presidente de YPFB e as Forzas Armadas da Nación, quedan encargados da execución e cumprimento do presente Decreto Supremo. É dado no Palacio de Goberno da cidade da Paz, o primeiro día do mes de maio do ano dous mil seis.

Asdo.


Evo Morais Ayma, David Choquehuanca Céspedes, Juan Ramón Quintana Taborga, Alicia Muñoz Alá, Walker San Miguel Rodríguez, Carlos Villegas Quiroga, Luís Alberto Arce Catacora, Abel Mamani Marca, Celinda Sosa Lunda, Salvador Ric Rise, Hugo Salvatierra Gutiérrez, Andrés Soliz Rada, Walter Villarroel Morochi, Santiago Alex Gálvez Mamani, Ministro de Traballo e Interino de Xustiza, Félix Patzi Paco, Nila Heredia Miranda.

Goberno de Bolivia, 1 maio 2006 ✤

«O Estado toma o control e a dirección da produción, transporte, refinación, almacenaxe, distribución, comercialización e industrialización de hidrocarburos no país».

FALAMOS DE... 

IU PRESENTA UN DURO VOTO PARTICULAR ÁS CONCLUSIÓNS DO CONGRESO SOBRE O "PRESTIGE"



Imaxe dun satélite da NASA do regueiro de fuel que o Prestige deixou na súa errática ruta antes de afundirse.

Pola ausencia de medidas correctoras concretas e para destacar as responsabilidades políticas do PP

Madrid, 26 de xuño 2006

IU, a través do seu grupo parlamentario de IU-ICV, realiza esta iniciativa tras valorar que o informe parlamentario final está "cheo de sombras, non presenta medidas correctoras concretas nin de fondo" respecto da Administración Marítima e para que a catástrofe non se repita, ademais de obviar, coa compracencia do PP e do PSOE, a "causa principal da catástrofe, que foi a decisión política de afastar o buque da costa e afundilo".

En rolda de prensa no Congreso xunto á coordinadora de Esquerda Unida de Galicia (EU-IU) e do avogado que representa a IU na súa persoación como acusación particular no sumario aberto sobre o afundimento no xulgado de Corcubión, Alfonso Suárez, Llamazares tachou de "insatisfactorias e ambiguas" as conclusións obtidas tralo traballo parlamentario.

Na súa opinión, a causa do afundimento é evidente, o alonxamento do buque, decidido polo Goberno do PP, que converte "un accidente nunha catástrofe ecolóxica sen precedentes".

"Fronte á ambigüidade das concausas –descoordinación ou estado do buque–, para nós existe unha causa principal e última da catástrofe, que ademais foi avalada polos técnicos, e é que antes da decisión de alonxamento do buque existe un accidente, pero o que motiva a catástrofe é unha decisión política errónea e catastrófica que non conta con aval ningún, técnico ou administrativo, que se toma por parte dos responsables políticos e que provoca o alonxamento e afundimento do buque", argumentou.

Llamazares engadiu que as medidas presentadas non abordan unha das prioridades que nós buscamos, como é a unificación da administración marítima baixo unha soa autoridade. Ademais, o afundimento do petroleiro puxo de manifesto un problema "estructural" de seguridade marítima, que non se acaba de abordar con "medidas de fondo, que son imprescindibles".

Ademais de valorar que aínda non se depuraron responsabilidades políticas e que o informe debería incluír unha "reprobación" aos responsables políticos de entón, o coordinador xeral de IU destacou que sobre este traballo parlamentario pesa a sombra da auto exculpación por parte do PP e a da "xustificación" da Administración Pública, por parte do Goberno socialista.

Pola súa banda, a coordinadora de Esquerda Unida de Galicia (EU-IU), Yolanda Díaz, apoiou o contido deste voto particular e pediu ao presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, que manteña agora as mesmas posicións que tivo na oposición, cando dixo aquilo de que se abran as fiestras e que corra o aire, como forma para que todos poidan coñecer o que ocorreu.

A máxima dirixente galega de IU preguntou por qué tras pecharse precipitadamente a Comisión de Investigación do Prestige no Parlamento galego aínda non se fixeron públicas as súas conclusións. Tamén reclamou que se "reabra" esta comisión e comparezan todos os representantes políticos responsables, incluído o ex presidente Manuel Fraga. "En Galicia aínda non cambiou nada e poderiámonos atopar na mesma situación de novembro de 2002", asegurou.

Díaz reclamou un Porto Refuxio para que en Galicia se poidan afrontar catástrofes deste tipo e outra serie de infraestructuras imprescindibles para a nosa seguridade. Entre os temas escuros que non se abordaron na investigación no Congreso apuntou que IU esixe saber a incidencia que o vertido de cru tivo na saúde das persoas que axudaron nas tarefas de limpeza e no sector pesqueiro galego, así como ¿que se vai facer cos residuos tóxicos que aínda están almacenados en Galicia?

Na súa opinión, o documento limítase a suscitar un problema de "corrosión" do buque e certa "descoordinación" por parte da Administración na xestión do suceso, cando a "realidade foi máis crúa".

O informe parlamentario de conclusións debe ser votado definitivamente pola Comisión de Agricultura, Pesca e Alimentación do Congreso o vindeiro mércores 28 de xuño. IU espera lograr que á volta das vacacións estivais poida ser debatido tamén ante o Pleno da Cámara, algo ao que xa se opuxo o PP e que dependerá de cal sexa a actitude que manteñan os socialistas.

O avogado de IU, Alfonso Suárez, esixiu, entre outras medidas, "unha análise exhaustiva" das causas da "catástrofe", porque o informe as "dilúe".

MANIFESTO LETRAS GALEGAS

O ESTATUTO DA NORMALIDADE LINGÜÍSTICA

O galego: un dereito, un deber

Na actualidade, despois de 25 anos do actual Estatuto, o galego continúa a estar mesmo moi por debaixo dos niveis mínimos de teórica cooficialidade. O debate do novo Estatuto supón unha oportunidade histórica para superar a situación de discriminación que continúa a padecer a nosa lingua e quen quere utilizala con normalidade.

Precisamos dun Estatuto que solucione o problema: podermos exercer como galegos e galegas na Galiza. Un Estatuto que non manteña por máis tempo o galego nunha situación de inferioridade con respecto ao castelán. Un Estatuto que garanta o dereito individual de calquera persoa a poder vivir en galego. Un Estatuto que garanta o dereito colectivo á lingua propia.

Porque ao galego deben corresponderlle todas as garantías dunha lingua oficial.

O galego é o idioma do Estado que máis precisa das garantías dun novo Estatuto. Mentres en Cataluña ou Euskadi houbo gobernos autonómicos que desenvolveron políticas que serviron para recuperar e estender eficazmente as súas linguas, en Galiza non só non se desenvolveu o tímido marco legal, senón que mesmo se permitiu a súa vulneración. A pesar desta falta de implicación das institucións, que conlevou unha forte caída de falantes nas xeracións máis novas, o galego continúa a ser a lingua espontánea de uso habitual para a maioría da poboación.

Que no Estatuto de autonomía figure o galego como "dereito e deber" ou que conteña unha carta de dereitos lingüísticos, significaría unha garantía de primeiro nivel para que o galego supere a situación de cooficialidade subalterna. Precisamos garantías para que a galeguización do ensino, o uso do galego nos medios públicos, nas administracións, etc, non dependa da maioría electoral conxuntural nin da mobilización permanente da sociedade.

PORQUE TEMOS, PORQUE QUEREMOS, PORQUE DEBEMOS, as persoas e entidades que apoiamos esta mobilización do 17 de maio de 2006, conscientes do reto histórico, demandamos para o novo Estatuto de Galiza:

1.- Que se manteña a obriga dos poderes públicos de contribuír a normalizar a nosa lingua.

2.- Que se recoñeza o dereito a usar e o deber de coñecer o galego, dándolle plena validez xurídica ás comunicacións na nosa lingua en todos os ámbitos.

3.- Que se garanta o dereito de todas as persoas a ser atendidas oralmente e por escrito en galego, na súa condición de usuarias e consumidoras de bens, produtos e servizos.

4.- Que se regule o uso preferente do galego por parte de todas as administracións situadas en Galiza, o cal inclúe tamén a Administración Xeral do Estado e a Administración de Xustiza. O persoal ao servizo das Administracións públicas debe estar capacitado e en disposición de usar o galego como lingua propia das Administracións galegas e as situadas na Galiza.

5.- Todo o persoal da maxistratura, notarías, fiscalías e rexistros, para prestar os seus servizos en Galiza, han de acreditar que teñen un coñecemento adecuado e suficiente do galego como para garantir o dereito de opción lingüística.

6.- Que se recoñeza ao galego a condición de lingua vehicular no ensino non universitario.

7.- Que se consigne o uso preferente do galego nos medios de comunicación públicos en Galiza, incluíndo por tanto a RNE e TVE.

8.- Que o Goberno galego promova a comunicación e cooperación cos outros territorios que pertencen ao sistema lingüístico galego-portugués.

9.- Que o Goberno galego fomente singularmente o uso da lingua galega nas zonas galegofalantes do exterior da comunidade autónoma de Galiza.

Pedímoslle a todas as forzas políticas e axentes sociais que estean á altura do que este país e este tempo histórico demandan. Un Estatuto que recolla artigos no sentido antedito rexeitará os alicerces que sustentan as graves discriminacións que aínda padece o galego.

Ademais, para alén do sinalado no importante debate estatutario, agardamos que desde o novo Goberno da Xunta, singularmente desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística, se comece a traballar para afrontar os problemas de base que ten o noso idioma, garantindo en primeiro lugar o dereito fundamental á escolarización en galego.

Porque TEMOS unha lingua propia e QUEREMOS vivir e aprender en galego, hoxe DEBEMOS esixir o cumprimento do noso dereito.

PORQUE TEMOS unha lingua propia. Unha lingua que nos une como galegas e galegos e que contribúe ao noso xeito de ver o mundo.

PORQUE QUEREMOS poder utilizar esta lingua para calquera cousa do noso día a día e que calquera galega ou galego poida gozar tamén do seu uso. Para xogar, para oír a radio, para facer xestións por internet, para casar, para soñar...

PORQUE DEBEMOS protexer unha das nosas grandes riquezas como pobo.



LETRAS GALEGAS 2006

DISCURSO DE MANUEL LUGRIS FREIRE NO MITIN DE SOLIDARIDAD GALLEGA

(BETANZOS, 6 DE OUTUBRO DE 1907)

Mariñáns e montañeses, homes traballadores e honrados, saúde.

O que agora ten o atrevimento de falarvos, é tamén un mariñán que tivo a grande sorte de nacer nesta bendita e ridente terra nosa; e coma tal mariñán, quérovos falar na lingua gallega, primeiramente, porque deste xeito entenderédesme mellor, e despóis porque un boletín da Coruña, que pra escarnio e vergonza do bon sentido leva o nome santo da nosa terra, dixo que se hoxe se vos parolaba en gallego, na fala que adeprendimos das nosas nais, na fala querendosa en que vosoutros namorástedes ás compañeiras da vosa vida e dos vosos infortunios, nais cariñosas dos vosos fillos, enterraríase no ridículo a propaganda de redención, de verdadeira libertá, que alborexa para esta terra. (Aprausos.)

Con todo o meu corazón quero esta terra mariñana, terra que defendín aquí i en terras de lonxe, gabándome sempre de sere paisano voso. Como tamén sobre a fala gallega, que é sagrada para nós, por ser un herdo dos nosos antepasados, deixaron caer a súa bulra os estúpidos que renegan do que nin siquera renegan as feras, quero hoxe, repito, falarvos na nosa fala, porque é unha fala honrada, na que aínda non se furtóu, na que non se escribiron os recibos dos consumos, e as notificaciós de embargo das vasas facendas, nin a declaración de soldados que arrinca dos vosos lares ós fillos cando vos fan máis falta para o duro traballo da terra. (Grandes aprausos).



Din por aí que a emigración é causa boa. Poida que por decontado o sea. Pero eu, mariñáns, que tamén fun emigrante, podo decirvos que é boa, como é bon que un sentenciado á morte negra fuxa, se pode, do cárcere; como un home fuxa da terra inzada de lobos, como o paxaro fuxa do cova das víboras. Que lle pergunten ao gallego por qué larga da súa terra, que lle pergunten cántas bágoas verteron os seus ollos ao dar o derradeiro adiós á terra quirida, ao cimiterio que garda as cinzas dos seus pais, á aldea quirida onde xogóu de pequeno ... ¡Que lle pergunten! E se eles responden, veredes qué negra noite de angustias, que doridos laios levan na ialma ao deixaren esta terra, que debía ser nosa, e que non podemos vivir nela porque non hai xusticia nin libertá senón para esa maldita casta que chamades caciques.

Eu que vivo na Cruña, teño visto ós emigrantes, famentos, pálidos, tristes, esconsolados, coas mans callosas de tanto traballo ... , que xa sabedes que desta terra fuxen os que traballan, pero non os zamezugas da política que teñen as mans suaves e levan os callos na ialma. (Un paisano grita: "¡Benia a nai que o paríu!").

Meus paisanos, meus irmãs, escoitade ... , escoitade ben. Non vos esquenzades, eu volo rogo, de que a unión é a forza, e se vos xuntades, non hai cañós que poidan con nosoutros.

Ben sabedes que hai un paxaro ladrón, fero e forte, que se chama o bexato. Este paxaro anda sempre voando sobre das vosas chousas agardando o momento de atopar unha víctima. Cando un pito queda solo na eira ou no curro, o bexato baixa como unha centella e cómeo. Pero hai outro paxaro cativo, o gorrión, que cando se ve atacado chama piando polos demás gorriós para que lle vallan, e como os gorriós teñen irmandade e axúdanse, xíntanse todos e bótanse sobre do bexato, e mátano. ¡Pois ben, marináns, xuntádevos todos vós contra dos bexatos da política que voan sobre dos vosos hórreos! (Atronadores aprausos).

E non coidedes que estas asociaciós para a vosa defensa é cousa nova nesta terra das Mariñas. Noutros tempos, no sigro XIII, habia unhos homes poderosos, condes, marqueses e nobres, que vivian en castelos nos cumes das montañas, sempre escollidos polos paxaros de rapina, e que se facian donos das vosas vidas, das vosas honras e máis das vosas terras. Un dia, un poeta marinán, chamado Patiño, que tiña na ialma a nobreza e fidalguía dos betanceiros don Víctor Naveira e don Juan Golpe que vos dirixen nestes tempos, xuntóu a todos os labregos das Mariñas ... e aqueles nobres, condes e marqueses, foron duramente escarmentados, os seus castelos desfeitos, e a xusticia cumprida; e de escravos fixéstevos homes libres pola razón da forza que sempre se encontra na irmandade e na unión, e a forza é un dereito cando nos queren curtar aquela de que sólo Dios é dono: a libertá e a honra.

Hoxe rexurden aqueles malos homes, que é ben certo que a mala herba non morre senón arrincándoa de rais e aplicándolle fogo; hoxe volven a facervos escravos, a roubarvos o direito de homes libresi, o tedes que tornar a xuntarvos fortemente contra dos bexatos do caciquismo. (Aprausos).

Escoitade este pequeno conto, que é de moito proveito.

Unha vez un vello petrucio estaba enfermo de morte. Xuntou rente do seu leito aos nove fillos que tiña, e díxolle ao máis pequeno que collera unha vara de bimbio e que a rompera. A vara rompeu facilmente. Despóis díxolle ao fillo máis vello, que era forte e valente que rompera as nove varas xuntas. Por moita forza que fixo, non puido nin siquera doblalas. Entonces dixo o vello petrucio: "a vedes, meus fillos, que unha vara sola é fácil de romper, pero todas xuntas non hai quen as dobre. Eu vou a morrer axiña, e rógovos que teñades sempre irmandá, que vos defendades todos xuntos, para que os os vosos enemigos non poidan facervos mal".

Seguide, pois, asociándovos; xuntádevos contra dos vosos enemigos, e seredes fortes, e seredes libres, e faredes libre e honrada, rica e poderosa, a terra quirida onde todos nacimos.

¡Viva Galicia!

¡Viva a solidaridá!

(Grandes e prolongados aprausos).



DESACORDO NA REFORMA LABORAL

As conclusións alcanzadas nunhas xornadas celebradas en Madrid no mes de maio, indican que a reforma laboral resulta absolutamente rexeitable polas seguintes razóns:

1º.- Polo abaratamento do despedimento. Recupérase e xeneraliza o chamado "contrato de fomento da contratación indefinida", pactado en 1997. Este contrato ten un despedimento de 33 días por ano cun máximo de 24 mensualidades, fronte aos 45 días e 42 mensualidades do contrato fixo ordinario que non se elimina, pero que deixará de utilizarse.

2º.- Polo aumento das bonificacións e redución das cotas empresariais. Auméntanse as bonificacións destinadas á creación de emprego fixo e á conversión de contratos eventuais en fixos (con despedimento barato) Redúcense cotas empresariais ao desemprego (0,5%), ao FOGASA (0,2%) e ás ETT (1%).

3º.- Porque non vai servir para diminuír as altas taxas de precariedade laboral.- O contrato de fomento cun despedimento máis barato púxose en marcha coa reforma de 1997, demostrando durante estes anos transcorridos o seu nulo efecto para reducir a precariedade que, lonxe de diminuír, seguiu aumentando ata alcanzar a escandalosa taxa do 34% na actualidade. Por outra banda, o acordo non contempla ningunha simplificación, nin recuperación da causalidade na contratación temporal permitindo ás empresas facer un uso abusivo e fraudulento.

4º.- Por non ser suficiente o límite temporal ao encadeamento de contratos.- Esta medida non resultará suficiente para evitar a alta rotación no emprego xa que establece a fixeza para aqueles traballadores que ocupen un mesmo posto de traballo durante un prazo superior a 24 meses (nun período de 30 meses), podendo o empresario cambiar de traballador chegado o prazo e substituílo por outro para o mesmo posto de traballo. O acordo non establece as medidas necesarias para evitar o uso abusivo de contratos temporais con distintos traballadores para ocupar o mesmo posto de traballo.

5º.- Porque son escasas as melloras conseguidas.- Resultan do todo insuficientes as melloras conseguidas no acordo se as comparamos coas conseguidas pola CEOE. Así, mellóranse as indemnizacións que recibirán do FOGASA aqueles traballadores afectados por creba de empresas, mellóranse as prestacións ao desemprego de persoas con máis de 45 anos sen cargas familiares, auméntase o persoal de inspectores, elimínase o contrato de inserción e, finalmente, en canto á cesión de traballadores, non se vai máis aló de recoller o xa recoñecido polos tribunais nesta materia.

Así mesmo, resulta absolutamente inaceptable que nun momento de crecemento e bonanza económica no noso país gobernado, ademais, polo Partido Socialista non se avance en mellorar a calidade nin a estabilidade do emprego. Criticáronse as políticas laborais e económicas do PSOE en sintonía coa doutrina neoliberal europea poñendo de manifesto as súas limitacións na aplicación de políticas de progreso.

Para rematar, lamentouse, a sinatura sindical deste acordo, recordando que sen información, participación e mobilización do conxunto do movemento obreiro na defensa dos seus intereses non será posible avanzar.

Fíxose un chamamento a súa afiliación, á clase traballadora e aos seus sindicatos para recuperar o espírito combativo, a organización e a acción en resposta ás agresións do capital e pola consecución dun reparto máis xusto da riqueza.

«Este acordo beneficia principalmente á patronal que xa vén obtendo escandalosos beneficios nas súas contas de resultados en contraste coa perda de poder adquisitivo dos salarios».





NÚMERO 20 DE *RAZÓN SOCIALISTA*

Saudamos a saída deste número da Revista que publica FUCO BUXÁN e nos felicitamos tanto polo seu contido como pola súa presentación.



A FRASE

... "LA VOZ DE GALICIA está a piques de cumprir os 125 anos de vida. Temos que seguir sendo a conciencia crítica do poder. De todos os poderes" [1]

Santiago Rey
Presidente de "La Voz de Galicia"

[1] ¿TAMÉN DOS QUE PROMOVEN IRREGULARMENTE A PLANTA DE GAS EN MUGARDOS?

- *A CIDADANÍA SABE ANALIZALOS FEITOS E AS PALABRAS*



ASOCIACIÓN NACIONAL DE ATENEOS DE ESPAÑA
26 de mayo de 2006 - ASAMBLEA XERAL



Feira Internacional de Mostras **FIMO**
44 Edición · Do 11 ao 16 de Xullo de 2006



APROBADO POR UNANIMIDADE NA ASEMBLEA XERAL CELEBRADA O PASADO 12 DE MAIO o **AUMENTO DAS COTAS** dos socios e socias desta entidade a partir do **1 DE AGOSTO**. Este aumento xa fora aprobado na asemblea do ano 2000, na que se acordou aumentar cada ano o IPC, para aplicalo á cota ao chegar a unha cantidade redonda. A partir de agora o aumento será:

1 € ADULTOS e **0,50 € MENORES**
As cotas mensuais do Ateneo Ferrolán quedan así: **8 € adultos, 4 € menores**

CERTAME DE TEATRO "ATENEA 2006"

O Xurado do Certame de Teatro "Atenea 2006", que organiza o Ateneo Ferrolán, co patrocinio de Caixa Nova, composto por: Fernando Ocampo, Esperanza Piñeiro, María José Doce, Antonio García Pardo, Idoia Múgica, Xspela Trobec, Luis Rapela, Manuel Basoa, Aurora Rivas, Xosé Leira e Luis Calvo acordou o seguinte


FALLO:

1) Concedee o Premio de Categoría Especial ó grupo de teatro do colexio "Carmen Polo", dirixido por María José Caínzos .

2) Nas categorías Infantil e Primaria a:
· Grupo do colexio CEIP "Centieiras" do concello de Fene coa obra: *"O galo engancha"*, dirixido por Mª Cointa Pazos García;
· Grupo "Tamborrada", do colexio Manuel Masdías, coa obra: *"Unha máquina especial do tempo"*, dirixido por Fina Febril
· Grupo do colexio "Cruceiro de Canido", coa obra: *"A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos"*, de Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire, dirixido por Maravillas Beceirro e Isabel López.

3) Na categoría Xuvenil o Fallo foi favorable a:
· Grupo *"Tixuca"*, do IES Carvalho Calero, coa obra: *"Suspéndese a sesión"*, de Fernando Lalana dirixida por Pim Patiño e Aurora Quevedo.
· Grupo *"La Cuadrilla"*, do colexio Compañía de María, coa obra: *"El sueño de una noche de verano"*, de William Shakespeare, dirixido por Paula Dapena Paz e Antía Díaz Leal.

Todos eles recibirán un premio, de igual contía, por un total de 250 Euros, doados por Caixa Nova, e un Diploma que se entregarán no transcurso dunha velada teatral pública, adicada a todos os participantes de Atenea 2005 que terá lugar o próximo venres 13, ás sete da tarde no Ateneo Ferrolán.



O Xurado quere destacar e valorar publicamente os traballos e esforzos adicados por parte de todos os grupos participantes, dentro das grandes diferenzas de medios económicos e humamos e, moi especialmente naqueles colexios onde se conseguiu ese compromiso e unidade no traballo de alumnos, profesores e pais.

Para rematar o Xurado de Atenea 2006, quere felicitar o Ateneo Ferrolán polo seu compromiso permanente e desinteresado coa cultura, sobre todo na súa base, os pequenos, e a Caixa Nova pola súa sensibilidade e compromiso, así como recomendalos e alentalos na continuidade deste Certame.

Certame de Teatro "Atenea 2006"
Centro Municipal "Carvalho Calero" 7, 8 e 9 de xuño
– Programa –

Mércores 7

- Ás 17 h. Colexio "Carmen Polo", dirixido por María José Caínzos

- Ás 18 h. Grupo do colexio CEIP "Centieiras" de Fene coa obra: *"O galo engancha"*, dirixido por Mª Cointa Pazos.

- Ás 19 h. Grupo de Teatro "Tamborrada", do colexio Masdías, coa obra: *"Unha especial máquina do tempo"*, dirixido por Fina Febril Caruncho.

Xoves 8

- Ás 16,30 h. Grupo "Tixuca", do IES Carvalho Calero, coa obra: *"Suspéndese a sesión"* de Fernando Lalana, dirixida por Pim Patiño

- Ás 18,30 h. Grupo "La Cuadrilla", do colexio Compañía de María, coa obra: *"El sueño de una noche de verano"* de William Shakespeare, dirixida por Paula Dapena Paz e Antía Díaz Leal.

Venres 9

- Ás 17,00 h. Grupo do colexio CEIP Cruceiro de Canido coa obra: *"A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos"* de Gloria Sánchez e Miguel Vázquez, dirixida por Maravillas Becerro e Isabel López.

Mércores 14

Ás 20,00 h. no ATENEO FERROLÁN, Entrega de Premios
Representación da obra *"Suspéndese a sesión"* de Fernando Lalana, polo grupo "Tixuca", do IES Carvalho Calero, dirixo por Pim Patiño.

ORGANIZA: ATENEO FERROLÁN **PATROCINA: CAIXA NOVA**

O ATENEO FERROLÁN COMPRÁCESE EN CONVIDARLLES Á **FINAL** DO

DATA: MÉRCORES 30 DE AGOSTO DE 2006

HORA: 8.30 DA TARDE

(TEMPO DE DURACIÓN ESTIMADO: 1 HORA)

LUGAR: TEATRO JOFRE

1ª PARTE:

PRESENTACIÓN DAS PEZAS GAÑADORAS DO CONCURSO DE COMPOSICIÓN "CONSTANTINO BELLÓN"

PEZA GAÑADORA 2003

"***ALALÁ E JOTA DE RIBEIROÁ***" para Gaita e Banda.

Autor: JESÚS ÁLVAREZ LOZANO · Solista: DANIEL BELLÓN · BANDA MUNICIPAL DE FERROL

PEZA GAÑADORA 2004

"***CAPRICHO DE GAITA***" para Gaita e Piano.

Autor: AGUSTÍN SÁNCHEZ IGLESIAS · Solista: AGUSTÍN SÁNCHEZ IGLESIAS · Pianista: (A confirmar)

PEZA GAÑADORA 2005

"***CARMINA UTRICULARIS***" para Gaita e Quinteto de Corda.

Autor: JAVIER MARÍA LÓPEZ RODRÍGUEZ · Solista: JESÚS VAAMONDE MANTEIGA · Quinteto de corda: "SAIVA NOVA"

PEZA GAÑADORA 2006

Pendente do Fallo do Xurado

2ª PARTE:

PRESENTACIÓN EDICIÓN CD DA GRAVACIÓN DA FINAL DO 2005

ACTUACIÓN

BANDA MUNICIPAL DE FERROL

ATENCIÓN Ó NOVO HORARIO DE VERÁN

Do día 1 de Xuño ao día 30 de Setembro (ambos incluídos)

- OFICINA: LUNS a VENRES – De 10 a 14 horas.
- BIBLIOTECA: LUNS a VENRES – De 11 a 14 horas.

PECHADO POR VACACIÓNS:

Do 18 de Xullo ao 19 de Agosto (ambos incluídos)



XVI CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN"

DATA: XOVES 31 DE AGOSTO DE 2006

HORA: 13.00 HORAS
LUGAR: CONCELLO DE FERROL

Presentación e Recepción FINALISTAS do
XVI CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN"


HORA: 20.00 HORAS
LUGAR: TEATRO JOFRE
(TEMPO DE DURACIÓN ESTIMADO: 75 MINUTOS)

FINAL DO CONSTANTINO BELLÓN:

PRESENTACIÓN E CONCURSO
ACTUACIÓN CONXUNTA FINALISTAS
ENTREGA DE DIPLOMAS/ FALLO DO XURADO

XURADO:


D. Víctor Fernández Gabeiras (Presidente)
D. Xavier Rodríguez Fariñas
D. Pablo López Torneiro
D. Xoán Rodríguez Silvar
D. Xesús Vaamonde Manteiga
Dª Cristina Meizoso Alonso (Secretaria, sen voto)



Carlota Cuesta
«El Angel de las seis de la tarde»

DÍA 29 SETEMBRO:

**FESTIVAL
REPÚBLICA DOMINICANA**

ARTIGO 

MEMORIA HISTÓRICA

MEMORIA HISTORICA

Por Herminio Barreiro Calvete

Desde o pasado mes de abril distintos puntos de Galiza acollen **ACTO**s para traer ó recordo os feitos que deron comezo en xuño de 1936 cunha sublevación en Marrocos e que desenvocaría nunha dictadura militar que se mantivo en España durante case que 40 anos.

Neste ano se pretende rescatar a **MEMORIA** de todos aqueles que caeron no ano 36 pola simple razón de defender uns ideais contrarios ós defendidos polos golpistas.

O programa de actividades deste Ano da **MEMORIA** comprende todo tipo de eventos, desde a creacción dun censo de victimas do franquismo a exposicións, ofrendas florais, todo tipo de discursos publicos e como non proxeccións audiovisuais.

Recentemente, por motivos familiares, acudín á presentación deste Ano da **MEMORIA** en Galiza. Foi na Illa de San Simón, un lugar que para min, desde neno, e sen telo visitado nunca, sempre foi asociado a dúas palabras: Lazareto e Morte.

Así que alá fun con certa emoción e con interese polo que ía suceder. O **ACTO** en sí gustoume, aínda que sempre se poden poñer peros. Fora do oficilismo vivironse momentos realmente intensos, deses dos que non soen captar cámaras e xornalistas, máis pendentes das intervencións institucionais que doutra cousa, e foron eses os momentos cos que me quedei. Por momentos e desde a chegada ó porto da Illa os seus visitantes comezaron a plagar aquel lugar maldito cun murmullo que se extendía por tódalas esquinas e que non era máis que o intercambio de relatos sobre os seus propios mortos que inundaba cada un dos paraxes da Illa.

«Fora do oficilismo vivironse momentos realmente intensos, deses dos que non soen captar cámaras e xornalistas, máis pendentes das intervencións institucionais que doutra cousa».



O documental *Aillados* (2001) de Antonio Caeiro e Txema Rodriguez, nos conta os feitos transcorridos na Illa de San Simón


Despois daqueles instantes que mesturaban a emoción co arrepío chegou a hora do oficilismo iniciado con acordes de violín e poesía. E certamente, podo asegurar, que pese ó dramatismo, e tamén ó preciosismo que cargaban os versos de, entre outros, o adorado Celso Emilio, ningún deles chegou á intensidade das palabras de resignación e de rabia coas que intercambiaban os seus pareceres, aqueles obrigados visitantes que exercían "soamente" de público.

Despois interviu a Conselleira de Cultura, **ANXELA BUGALLO**, á que Manuel Barros, un supervivinte do campo de Concentración de San Simón tivo a xenialidade de presentar como "Comisaria de Policía" (Risas nos presentes) que ademais de anunciar o programa de actividades previsto para o ano, tivo a deferencia de comunicar que se apoiarían as iniciativas audiovisuais relacionadas.

E así chegamos ó noso terreo. Realmente parece interesante que desde a administración pública se fomente a difusión da **MEMORIA** histórica. Sen embargo atopamos varios problemas. En primeiro lugar a falla de planificación que semella parte daquel "Moi mal organizado" que pregoaba Reixa en "Galicia Canibal". Se o ano da **MEMORIA** e este resulta prácticamente imposible realizar un traballo audiovisual que poida ser presentado este ano. Despois aparecen outros dilemas de tipo moral. Sábese que na guerra civil española morreron máis de un millón de persoas. Tamén se sabe que houbo vencedores e vencidos. Logo que significa "**MEMORIA** histórica"? É recordar ás victimas dun só bando? Este tema deixame certamente contrariado xa que como familiar de "paseado" non deixo de sentir tristeza por mortos que puideron ser verdugos. Do mesmo xeito non deixo de sentir rabia por gobernantes que mantiveron a súa vida finalizada o réxime e por outros que coa súa pasividade consentiron unha transición ficticia. Todo esto é a "**MEMORIA** histórica" e nela todos, especialmente os partidos políticos, teñen puntos escuros.

A forma de superar un tema e poder tratalo desde tódolos puntos de vista e no referente á guerra civil, como en moitos temas, os galegos e especialmente no audiovisual temos unha grande eiva.

Fora das miñas propias paranoias, se falamos de audiovisual e de guerra civil en Galiza, notamos un valeiro considerable. O caso é que o volume de producción sobre a Guerra civil é insuficiente como



para que poida falarse dun programa de actividades audiovisual nesta conmemoración.

Aínda así atopamos algún exemplo como "Aillados" un documental do ano 2001, dirixido por Antonio Caeiro e Txema Rodríguez, que por aquel tempo non tivo repercusión pero que parece chamado a ser a producción máis difundida con motivo deste "Ano da **MEMORIA**". "Aillados" fala precisamente dos feitos acontecidos na Illa de San Simón e conta con entrevistas dalgún dos supervivintes a aquela época negra da illa, entre eles, o xa mencionado Manuel Barros.

Espero ter a oportunidade de velo, nalgún dos moitos pases que se están a facer. Si que lin o libro do mesmo título, xa hai uns cantos anos, debeu ser alá polo 96, e lembro que me gustara aínda que o testemuño bibliográfico e o do documental son cousas ben distintas.

Por outra banda, e sen mediación do "Ano da **MEMORIA**", ven de estrearse "O alquimista" de Xosé Zapata un documental breve que explora as relacións entre Franco e Hitler e de como España se librou polos pelos de entrar na Segunda Guerra Mundial.

O certo, e o principal motivo polo que escribo estas liñas, é que aínda que existan documentos como os que acabamos de ensinar, temos unha necesidade urxente de contar a nosa historia e agardemos que o apoio institucional sirva para facelo. A realidade audiovisual galega amosa co paso dos anos unhas enormes carencias de contidos.

Xa é hora de comezar a contar a nosa historia.



O Alquimista (2006) de Xosé Zapata, documental que narra as relacións Franco-Hitler

O Congreso declara 2006: Ano da Memoria Histórica

O Congreso dos Deputados acordou onte, a proposta de Esquerda Unida-Iniciativa per Catalunya Verds (IU-ICV), declarar 2006 o Ano da Memoria Histórica. Isto faise «en homenaxe e recoñecemento de todos os homes e mulleres que foron vítimas da Guerra Civil, ou posteriormente da represión da ditadura franquista, polo seu defensa dos principios e valores democráticos».

Tamén se quere recoñecer a quen, «co seu esforzo en favor dos dereitos fundamentais, da defensa das liberdades públicas e da reconciliación entre os españois, fixeron posible o réxime democrático instaurado coa Constitución de 1978».

O texto aprobado onte incorpora as enmendas admitidas polo Senado o pasado 23 de maio. A Cámara Alta incluíu no texto da lei que a II República, cuxo 75º aniversario conmemórase en 2006, «con todos os seus defectos e virtudes, con toda a súa complejidad e o seu tráxico desenlace», constituíu «o antecedente máis inmediato e a máis importante experiencia democrática que podemos contemplar ao mirar o noso pasado».

A lei, que chega cando xa transcorreu a metade do ano, contou cos votos a favor de PSOE, IU-ICV, CIU, Coalición Canaria, Bloque Nacionalista Galego, Eusko Alkartasuna, Chunta Aragonesista e Nafarroa Bai. Abstivéronse o PNV e ERC, porque a consideran insuficiente, e votou en contra o PP.

O texto aprobado onte é moi sinxelo: é unha lei cun único artigo, na que se fai esa declaración, indícase que os poderes públicos apoiarán a celebración de «actos conmemorativos» desa etapa da Historia de España e engádese que o Ministerio de Cultura, en colaboración coas comunidades autónomas, velará por que se editen libros e vídeos pedagógicos.

A Lei aprobada proclama que a II República –cuxo 75º aniversario conmemórase en 2006–, «con todos os seus defectos e virtudes, con toda a súa complejidad e o seu tráxico desenlace», constituíu «o antecedente máis inmediato e a máis importante experiencia democrática que podemos contemplar ao mirar o noso pasado».

Reconciliación incompleta


En nome de IU-ICV –o grupo que presentou esta lei–, Gaspar Llamazares dixo que en España non existiu unha «reconciliación completa», malia o que se di cando se fala da Transición, porque «a reconciliación con amnesia ou con esquecemento non é completa».

O deputado Ramón Jáuregui, do PSOE, indicou que con esta lei hónrase «a todas as vítimas da guerra». E, fronte á afirmación do PP de que se pretende «reabrir feridas», afirmou: «Non hai unha soa liña deste texto que permita interpretar beligerancia ou enfrontamento entre españois», engadiu.

No mesmo sentido a favor da lei pronunciouse Jordi Xuclá, de CIU. No entanto, queixouse de que o Goberno non enviou aínda ao Congreso a Lei da Memoria Histórica.

Fronte á postura de todos os partidos, o deputado do PP Manuel Atencia insistiu en que esta lei é «un erro» e que fose mellor declarar 2006 o Ano da Concordia. Atencia afirmou que con esta iniciativa rómpese o consenso e apóiase un proceso «revisionista e revanchista da Historia».

Varios grupos parlamentarios aprobaron, segundo afirman distintos medios, por iniciativa de Izquierda Unida, que o ano 2006 sexa proclamado o Ano da **MEMORIA** histórica en conmemoración do 70 aniversario do comezo da guerra civil española.



Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA)

A ESCOLA FUSILADA

2006 ANO DA MEMORIA

21 DE XUÑO/19:00 HORAS

"La escuela fusilada"

Antía Cal
Avelino Pousa Antelo
Isaac Díaz Pardo
Herminio Barreiro Calvete

A ESCOLA FUSILADA

O 2006 ven de ser declarado como **Ano da memoria**. Con ese motivo, distintas entidades e organizacións galegas quixemos homenaxear ós homes e mulleres, docentes, mestres e mestras, que foron mortos ou represaliados durante a Guerra Civil e na posterior Ditadura, como un recoñecemento a eles e ás súas familias.

Neste acto, que tivo lugar o día 21 de Xuño, no Museo Pedagóxico de Galicia, e que posteriormente será desenvolvido nas principais cidades e vilas de Galicia, interviron representantes das máximas institucións galegas, mais o protagonismo principal foi, loxicamente, para os homes e as mulleres daquela extraordinaria xeración de educadores e de educadoras que viviron (e sobreviviron) á máis dura proba, persoal e profesional das súas vidas.

D. Avelino Pousa Antelo, Dª Antía Cal, D. Isaac Díaz Pardo e D. Herminio Barreiro Calvete, son algunhas das testemuñas vivas que poideron dar conta duns acontecementos dramáticos que endexamais deberan ter acontecido.

Neles queremos recoñecer e homenaxear a todos os que perderon a vida ou foron represaliados, en Galicia e fora dela, por defender a liberdade, a lexitimidade democrática e un modelo educativo renovado, laico e de calidade.

Tivemos, ademais, a oportunidade de ver unha estupenda película documental que aborda emocionadamente aqueles dramáticos acontecementos, "**La escuela fusilada**" de Daniel Alvarez e Iñaki Pinedo, contando coa presenza dun dos seus directores.

Relación de mestres fusilados en Galicia.- Os mortos do 36 / O profesorado

Gerardo ABAD CONDE (morto polos gardas de asalto en Madrid)
Segundo ABAL PADÍN
Juan ABRAMO DIOS
Xermán ADRIO MAÑÁ
Pedro ALMAZÁN RAMOS
Juan ALONSO PÉREZ
Enrique ALONSO TEIJEIRO
Rafael ALONSO RODRÍGUEZ
Joaquín Antonio ÁLVAREZ ÁLVAREZ
Rodrigo ÁLVAREZ GANTES
José AMBRÓS GORDILLO
Fernando BARCIA BEIRAS
Luís BARRIO REY
Manuel BARROS FERNÁNDEZ
Manuel BARROS PÉREZ
José L. BOUZAS FERNÁNDEZ
Frutos BURGOS RAMOS
Ángel CAAMAÑO VILLAVERDE
José CABALLERO RUBIO
José CALDAS
Antonio CANEDA RODRÍGUEZ
Eugenio CARRÉ NAYA
José Mª CORTÉS FERNÁNDEZ
José COSTA PARDO
José María DÍAZ y DÍAZ VILLAMIL
Antonio DOPAZO FERNÁNDEZ
José R. FERNÁNDEZ BARRAL
Rafael FERNÁNDEZ CASAS
Marcelino FERNÁNDEZ PRADO
Ángel FRAGA OROSA
Víctor FRAIZ VILLANUEVA
Hipólito GALLEGO CAMARERO
José GARCÍA FERNÁNDEZ
Juan Ramón GARCÍA NIEBLA
Francisco GÓMEZ BLANCO
Constantino GÓMEZ RODRÍGUEZ
Xosé GÓMEZ GAYOSO
Julio GONZÁLEZ ÁLVAREZ
Juan GONZÁLEZ DEL VALLE
Julián HERMIDA MONTOYA
Manuel IGLESIAS FILGUEIRA
Francisco ITURRALDE CABEZA DE VACA
David LABRADOR ZUIL
Antonio LAFUENTE GIMENEZ
Amadeo LÓPEZ BELLO
Xosé LOSADA CASTELAO
Gonzalo MARTÍN MARCH
Leonardo MARTÍNEZ NOVO
Bernardo MATO CASTRO
José MEIS MARTÍNEZ
Eugenio MEIZOSO NÚÑEZ
Antonio MOJÓN VÁZQUEZ
Luís MORILLO UÑA
Eduardo MUIÑOS BUA
José NOVÁS
Paulo NOVÁS SOUTO
Elixio NÚÑEZ MUÑOZ
Camilo PALMEIRO PAZOS
Manuel PEDREIRA PAZOS
Luís PÉREZ AMIL
José PÉREZ SANMARTIN
Justo PRADA LÓPEZ
Vicencio PRIETO RAMOS
Luís RASTROLLO FERNÁNDEZ
José RAMOS LÓPEZ
Rufino REDONDO SENRRA
Benigno REY PAVÓN
Arximiro RICO TRABADA
Manuel RODRÍGUEZ CASTELAO
Longino RODRÍGUEZ DE LA IGLESIA
Alfonso RODRÍGUEZ MÉNDEZ
Mercedes ROMERO ABELLA
Vicente SÁEZ RUÍZ
Félix SALGADO DEL MORAL
Víctor SÁNCHEZ MARTIL
Jacinto SANTIAGO GARCÍA
Alvaro SANTOS
Reinaldo SARRIA DELGADO
Francisco SIERRA RODRÍGUEZ
Juan Antonio SUÁREZ PICALLO
Apolinar TORRES LÓPEZ
Víctor TRABAZO SERAPIO
Xosé VÁZQUEZ GRELA
María VÁZQUEZ SUÁREZ
Narciso VIDAL FRAGA
Nicanor VILLA MARTÍNEZ
Eduardo VILLOT CANAL

Fonte: Antón Costa Rico



PEDAGOXÍA E DESENVOLVEMENTO

Por Arantxa Serantes
Humanista e Articulista

Certo é que, ultimamente, estase a falar moito da evolución pedagóxica e da súa situación actual. O desenvolvemento da pedagoxía dos pobos, vén influído por factores internos e externos, con diversa esfera de vixencia e importancia. Dado o estado actual da ciencia da educación, ¿é posible unha promulgación sistemática exhaustiva dunha nova lei?, ¿non sería mellor a creación dun ideal educativo correspondente á nosa época e suxestiva para a vocación individual?.


O influxo do Estado no terreo pedagóxico, foi en moitas ocasións rexeitado, porque algo tan vital e necesario, que enriquece ás novas xeracións non debería ter como mediador a un poder que debilita coa súa actividade e incompetencia demostrada no sector e que trata de transmitir un ideal sen o menor escrúpulo que a manipulación dos propios proxectos que trata de levar adiante.

Schneider, un destacado representante da pedagoxía comparada demostrou no seu libro: *Educación Europea*, parte do xuízo de valor que lle merece a Europa que soamente poderá ser unha realidade política cando consiga crear unha conciencia común, apoiada nas bases educativas tomadas por mutuo consenso e cunha opción realista que non partise de conceptos prefixados sen perspectiva de éxito, ocultando claros criterios económicos.

Hoxe vivimos de cheo na febre do crecemento. A sociedade fai por imitar a fasquía doutra sociedade considerada máis evolucionada cando todo el non sae das súas fronteiras. O problema non é o sistema, senón a instalación dunha nova pedagoxía cando o problema é esencialmente cultural. Esta carencia convértese nunha permanente desconfianza. A poboación debe vivir a grande aventura do proceso de desenvolvemento, para que o seu avencellamento sexa levado a cabo e valoremos os éxitos e os fracasos. É a misión da sociedade galega, alterar o anacrónico espazo vital na que a fixeron desenvolverse.

O *modus operandi* non é só valorar a forza laboral a longo prazo senón dilatar o número de especialistas ou xente cualificada que sae da universidade e que espera progresar despois de investir o seu esforzo e o seu tempo, na procura da maduración do espírito cidadá. Cómpre avaliar o plan de estudos de cada nivel, a calidade e sobre todo, a motivación psicolóxica do alumnado,que é moi escasa e empeorará se se leva a cabo un sistema recuperado dos fillos do pasado. O patrimonio espiritual dun galego é o seu idioma e o seu desenvolvemento cíclico debe realizarse progresivamente no tesouro da fala. Para que un pobo teña confianza en si mesmo, debe sentirse identificado cos principios que lle foron inculcados, porque penso que a educación non consiste en estar informado de algo, nin tampouco en chegar a saber algo, consiste en chegar a ser dunha determinada maneira.

«O patrimonio espiritual dun galego é o seu idioma e o seu desenvolvemento cíclico debe realizarse progresivamente no tesouro da fala».



A EXPEDICIÓN ARQUEOLÓXICA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NO PRÓXIMO ORIENTE

UN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN DO CAMPUS DE FERROL

por Juan-Luis Montero Fenollós
Facultade de Humanidades (UDC, Ferrol)



Fig 1: O equipo hispano-sirio da campaña 2005


A presenza da arqueoloxía española na rexión regada polos ríos Tigris e Éufrates é moi recente en comparación con outros países europeos da nosa contorna. Francia e Inglaterra iniciaron a exploración arqueolóxica do país que os antigos xeógrafos gregos chamaron Mesopotamia a mediados do século XIX. Estas primeiras escavacións son a orixe das coleccións mesopotámicas que se exhiben no Museo do Louvre e no Museo Británico. A primeira exploración europea de ruínas antigas na terra que hoxe conforman Siria e Iraq foi obra de Paul-Émile Botta, cónsul francés en Mosul, quen en 1843 descubriu algúns dos tesouros artísticos da civilización dos asirios. Medio século despois, en 1899, o alemán Robert Koldewey comezaba a sacar á luz os principais edificios e obras de arte da cidade de Babilonia, da que ata entón só se tiña noticias a través dos autores da época clásica e da Biblia[1].

«Un proxecto pioneiro en Galicia: a primeira expedición arqueolóxica galega no berce da civilización».

Malia que no século XIX houbo algúns viaxeiros españois interesados polo pasado máis remoto do antigo Oriente, non será ata 1989 cando a Universidade de Barcelona inicie a primeira escavación arqueolóxica nun depósito arqueolóxico situado no val do río Éufrates, concretamente no norte de Siria[2]. Aquel foi un proxecto de salvamento dunha serie de vestixios históricos que ían quedar asolagados ou afectados pola construción dun pantano no alto Éufrates, preto da fronteira con Turquía. Quince anos despois, en 2004, a Facultade de Humanidades da Universidade da Coruña asinaba un convenio coa Dirección Xeral de Antigüidades e Museos de Siria para crear unha misión conxunta na rexión do val medio do Éufrates[3]. Con esta sinatura nacía un proxecto pioneiro en Galicia: a primeira expedición arqueolóxica galega no berce da civilización (fig. 1).

¿Por que un proxecto de investigación no Próximo Oriente?

Tras máis dun século e medio de traballos arqueolóxicos no Próximo Oriente, aínda quedan moitas lagoas por reencher na investigación das antigas civilizacións que habitaron Mesopotamia hai miles de anos, e que tantas e importantes contribucións fixeron á Humanidade (por exemplo a invención da escritura, por citar a máis soada delas). A historia dos reinos e imperios mesopotámicos está incompleta. O antigo reino de Mari, preto da actual fronteira entre Siria e Iraq, non é unha excepción, malia os moitos traballos realizados desde o seu descubrimento pola arqueoloxía francesa en 1933. Sobre Mari, capital dun reino fundado cara ao 2900 a.C. e destruído polo rei Hammurabi de Babilonia cara ao 1760 a.C., coñecemos ben tanto as súas principais manifestacións artísticas e monumentos (templos, palacios, esculturas, etc.) como as razóns polas que se fundou nun lugar clave no val do medio Éufrates. A impresionante cidade de Mari (cunha



planta circular de dous quilómetros de diámetro) foi fundada hai cinco mil anos cun obxectivo claro: controlar o tráfico fluvial que circulaba polo río Éufrates (fig.2). Aquí residía a forza da monarquía de Mari, é dicir, no férreo control exercido sobre o comercio de materias primas, o movemento de pobos e a circulación de novas ideas[4]. Non coñecemos, con todo, cal era o dominio territorial deste antigo reino sirio-mesopotámico durante o III e II milenios a.C. ¿Cales eran as súas fronteiras? Neste contexto, adquire especial importancia a procura da cidade que actuaba como posto de control de acceso ao reino de Mari pola súa fronteira setentrional. Esta cidade, da que aínda se descoñece a súa localización xeográfica, era Dur-Yahdun-Lim, unha fortaleza fundada cara ao 1800 a.C. por Yahdun-Lim, o rei de Mari que lle deu nome seguindo a tradición mesopotámica. Velaquí un extracto do texto cuneiforme onde se fai referencia á fundación deste enclave: "Yahdun-Lim, rei de Mari, nunhas terras estériles, nun lugar sedento onde xamais ningún rei construira unha cidade, eu concibín o desexo e construín unha cidade. Eu escavei o seu foxo. Eu chameina Dur-Yahdun-Lim. Despois abrinlle unha canle e nomeeina Ishim-Yahdun-Lim..."[5].

Desde o 1936, ano da publicación deste documento, propuxéronse diversas hipóteses de localización de Dur-Yahdun-Lim, que por diferentes motivos parécennos insatisfactorias[6]. Xa que logo, facíase necesario realizar unha nova investigación histórico-arqueolóxica que contribuíse a determinar o emprazamento desta antiga fortaleza. Con este reto como obxectivo principal, nacía en 2004 o proxecto da Universidade da Coruña no val medio do Éufrates sirio. Pero a gran pregunta era: ¿onde buscala?




Fig.2: A cidade de Mari, Siria (1800 a.C.).

A rexión elixida.

A rexión escollida para o desenvolvemento do proxecto respondeu a dous criterios. Tratábase, en primeiro lugar, dunha zona non explorada pola moderna ciencia e, en segundo lugar, constituía pola súa singularidade xeográfica un enclave estratéxico[7]. O lugar elixido foi un tramo do Éufrates duns sesenta quilómetros, situado na actual provincia siria de Deir ez-Zor (fig.3).

Trátase dun sector do Éufrates pouco coñecido desde o punto de vista arqueolóxico. Ningún estudo sistemático se realizou na zona. De feito, en todos os mapas consultados non hai depósitos arqueolóxicos identificados nesta rexión. Este baleiro (ficticio sen dúbida) non responde máis que a unha





Fig.3: Mapa de situación da zona do proxecto no val medio do Éufrates (Deir ez-Zor, Siria)



«O obxectivo principal era o de identificar depósitos arqueolóxicos datados entre 2900 e 1760 a.C. (datas de existencia de Mari), entre os que se podería atopar a cidade (aínda non localizada) de Dur-Yahdun-Lim».

lagoa da moderna investigación. O eixo do Éufrates serviu desde a Antigüidade como vía de comunicación tanto terrestre como fluvial. O río era navegable na maior parte do seu curso. Só o paso de Hanuqa ou Halabiya era difícil, posto que se trata dun desfiladeiro (unha garganta de basalto) que provoca remuíños, facendo a navegación complicada. Polas súas características constituía un magnífico enclave para controlar o tráfico fluvial e o acceso ao reino de Mari (fig.4). Os ríos Habur e Balih (únicos afluentes do Éufrates) constituían outros eixos de comunicación claves para a rexión. Ambos ríos funcionaban como un corredor natural que comunicaba o val medio do Éufrates con Anatolia, unha rexión rica en valiosos recursos naturais (metais, por exemplo) dos que carecía Siria e Mesopotamia.

O estudo dos textos do arquivo paleobabilónico do reino sirio-mesopotámico de Mari permitiu coñecer a importancia comercial do Éufrates[8]. Os intercambios comerciais a comezos do século XVIII a.C. entre Mari e Karkemish (na fronteira turco-siria) coñécense ben grazas á correspondencia dun alto funcionario desta última cidade. Coñecemos o emprego de grandes barcos para o transporte de materiais pesados entre ambas cidades. É necesario comprender o sector do Éufrates que se pretende estudar no presente proxecto dentro deste contexto xeo-económico. Era unha rexión moi activa desde o punto de vista comercial, xa que o tráfico entre Anatolia e norte de Siria, por unha banda, e os reinos de Mari e Babilonia, por outro, pasaba por este tramo do Éufrates. Esta actividade económica tivo que deixar sen dúbida pegadas na ocupación humana da rexión tanto en época preclásica como clásica.

Investigacións arqueolóxicas neste tramo do Éufrates son de vital importancia, posto que non foi nunca o obxecto dun estudo serio e profundo. Só así se poderá outorgar a relevancia histórica que merece este sector do Éufrates sirio, que habitualmente aparece representado, aínda que por erro, como un simple fío de unión entre outras seccións do río.



Figs. 4 e 5: Vista xeral e Foto satélite da garganta de Hanuqa (Siria).

A campaña de 2005

A prospección arqueolóxica de superficie na zona de estudo desenvolveuse entre xuño e xullo de 2005 e concentrouse na garganta de Halabiya, tamén chamada Hanuqa (Desfiladeiro en árabe), no medio Éufrates (fig.5). O traballo tiña como obxectivo localizar o límite setentrional do reino sirio-mesopotámico de Mari na época da Idade do Bronce. Contrariamente ao que a maior parte dos investigadores pensan, a nosa hipótese propón que este límite debe buscarse na zona de Halabiya/Hanuqa, é dicir, nunha fronteira natural. Esta garganta é un bo candidato (tal vez o mellor), dado o control estratéxico que permitía exercer sobre o val do Éufrates e, xa que logo, sobre o tráfico fluvial.

O obxectivo principal era o de identificar depósitos arqueolóxicos nesta zona datados entre 2900 e 1760 a.C. (datas de existencia da cidade de Mari), entre os que se podería atopar a cidade (aínda non localizada) de Dur-Yahdun-Lim. No marco desta investigación, realizáronse os seguintes traballos: na ribeira esquerda, identificáronse e visitáronse os depósitos de: Tall Qubr Abu al-'Atiq, Zalabiya, canle de Semiramis e Tall Abu Fahd; e na ribeira dereita: Tall Qasbi e Tall at-Tibni.

A garganta de Hanuqa, Dur-Yahdun-Lim e o arquivo de Mari (s. XVIII a.C.)

Nada máis elocuente para revelarnos a importancia da rexión da garganta de Hanuqa que o soado texto (citado máis arriba) onde se describe a fundación da Fortaleza de Yahdun-Lim (fig.6). Se damos fe do texto cuneiforme escrito en acadio, e neste punto cremos que o seu autor non debeu de pecar de fantasía, a rexión na que se levantaría a fortaleza era árida e inhóspita. Xunto a ela e para ela o monarca ía levar a cabo a súa gran obra de enxeñaría, a construción da canle que ía bautizar tamén co seu nome (Ishim-Yahdun-Lim, é dicir, "Yahdun-Lim estableceuno"). Noutras palabras, non era a fertilidade do seu solo ou a súa riqueza agrícola o que cobizaba o monarca de Mari cando decidiu fundar a súa fortaleza preto da garganta do Éufrates. O interese da rexión era outro. E así o demostra tamén o feito de que Yahdun-Lim construíse, non un asentamento calquera, é dicir, do tipo doutras cidades ou aldeas do reino, senón unha fortaleza única no seu xénero e denominación (*duru* é "fortaleza" en acadio) en todo o territorio do reino. Isto apunta, sen dúbida, ao papel militar e estratéxico do lugar. Non fai falta deixar voar a imaxinación para deducir que o interese principal da rexión da garganta de Hanuqa é de orde xeopolítica. Pois controlar a saída da garganta significa nin máis nin menos que controlar o tráfico fluvial, é dicir, a "autoestrada" cara a Mari, tráfico de mercadorías pero tamén, está claro, de tropas.



En efecto, estamos ante a porta de acceso ao reino de Mari dos países e pobos de Siria e do norte de Mesopotamia. O arquivo de Mari infórmanos de que a zona non é só estratéxica pola súa situación privilexiada para repeler ou controlar posibles ataques de pobos ou reinos veciños. A mesma rexión era, polo visto, frecuentada por outro elemento tan dinámico como desestabilizador: as tribos nómades ou seminómades que regularmente atravesaban e visitaban o reino; unhas tribos que, como sabemos, deron forma e de feito orixe á propia dinastía real de Mari.

Ao estender o seu reino cara ao norte ata a garganta de Hanuqa, como proclama Yahdun-Lim na súa inscrición, o monarca pretendía cubrir as súas costas de posibles inimigos vindos do Norte e Oeste, controlar o paso ou porta de acceso ao seu próspero reino, á vez que pacificar o elemento nómade.



Fig.6: Texto cuneiforme sobre a fundación da cidade de Dur-Yahdun-Lim (cara a 1800 a.C.).



Fig.7: Restos da muralla de Tall Abu Fahd, xacemento que podería ser a antiga Dur-Yahdun-Lim.

Breve balance.
A primeira campaña de traballo de campo demostrou que existe unha ocupación da Idade do Bronce tanto á entrada como á saída da garganta de Halabiya, contrariamente ao afirmado polo resto de investigadores. Os depósitos visitados poñen en evidencia ocupacións contemporáneas ás diferentes fases da cidade de Mari (2900-1760 a.C.).

A modo de hipótese de traballo, podemos concluír afirmando que os novos datos permitirannos estudar o sistema de articulación, funcionamento e organización do reino de Mari, sobre todo do límite setentrional, que propoñemos establecer na garganta de Hanuqa. O depósito de Tall Abu Fahd (fig.7), situado á saída da garganta, é un bo candidato para ser a cidade de Dur-Yahdun-Lim (fundada cara ao 1800 a.C.) buscada pola arqueoloxía nos últimos setenta anos.

As próximas campañas permitirannos confirmar ou rexeitar esta hipótese.

NOTAS

1 GRAN-AYMERICH, E., *El nacimiento de la arqueología moderna. 1798-1945*, Zaragoza, 2001; MONTERO, J.L., "Los orígenes de la arqueología en el Oriente Próximo", *Clío* 54 (2006): 30-37.

2 DEL OLMO, G. *et al.*, "Excavaciones en Tell Qara Quzaq. Informe provisional: primera campaña (1989). Misión Arqueológica de la Universidad de Barcelona en Siria", *Aula Orientalis* 8 (1990): 5-20.

3 Desexamos agradecer ao Dr. Michel al-Maqdissi, Director do Servizo de Escavacións da DGAM de Damasco, e ao Director Xeral de Antigüidades e Museos de Siria, Dr. Bassam Jammous, todas as facilidades dadas para levar a cabo este proxecto de investigación sirio-español. A nosa gratitude é tamén para a Fundación Osmane Aïdi de Damasco, que nos proporcionou o aloxamento e manutención do equipo, o transporte e os obreiros locais necesarios para desenvolver a nosa investigación en Deir ez-Zor. A Sra. Rawa Batbouta (Chamtour) puxo á nosa disposición todo o necesario para garantir o éxito da campaña. Reciba aquí o noso agradecemento. Esta campaña foi posible grazas tamén á subvención económica concedida pola Dirección General de Bellas Artes y Bienes Culturales (Ministerio de Cultura de España) e polo Concello de Ferrol (Concellaría de Cultura e Campus). A Universidade Politécnica de Valencia correu cos gastos de viaxe do persoal técnico que participou na campaña, grazas ás xestións de Fernando Vegas (ETS de Arquitectura). Finalmente, agradecemos o apoio recibido tanto por parte do Dr. Luis Barral, Vicerreitor do Campus de Ferrol, como polo Sr. Alejandro Lago, da Embaixada de España en Damasco, e polo Dr. Mohsen Bilal, Embaixador de Siria en Madrid no 2005. O equipo hispano-sirio da campaña de 2005 estivo formado polos seguintes membros: Juan Luís Montero, Chakir Chebibe, Ignacio Márquez, Francisco Caramelo, Jordi Vidal, Cruz Sánchez, Alicia Torija, José Luís Lerma, José Miguel Gaspar, Neus Vilalta, Patricia Cruzans, Juan Antonio García, Wafa Roustom, Hamam Sa'ad, Luna al-Ali Alhwij e Eloy Taboada.

4 MARGUERON, J.C., *Mari. Métropole de l'Euphrate*, Paris, 2004.

5 Da tradución inglesa do texto de FRAYNE, D.R., *Old Babylonian Period*, Toronto, 1990, p.602.

6 É o caso das hipóteses propostas por: SAFREN, J.D., "The Localisation of Dur-Yahdun-Lim", *Revue d'Assyriologie* 78 (1984): 123-141; DURAND, J.M., "Problèmes d'Eau et d'irrigation au royaume de Mari: l'apport des textes anciens" en: GEYER, B. ed.: *Techniques et pratiques hydro-agricoles traditionnelles en domaine irrigué*, Paris, pp.101-142; G. GEYER e J.Y. MONCHAMBERT, *La basse vallée de l'Euphrate syrien*, Beirut, 2003.

7 G. GEYER e J.Y. MONCHAMBERT, *op.cit.*, p. 2 escribiron: "Un tronçon du fleuve et de sa vallée reste donc dans l'ensemble inexploré, entre Halabiya [Hanuqa] et Deir ez Zor".

8 Sobre a importancia comercial do Éufrates no arquivo de Mari: JOANNÈS, F., "Routes et voies de communication dans les archives de Mari", *Amurru* 1 (1996): 323-361; MICHEL, C., "Le commerce dans les textes de Mari", *Amurru* 1 (1996): 385-426.

XXIII SEMANA GALEGA DE FILOSOFÍA: FILOSOFÍA E VIOLENCIAS

CONCLUSIÓNS DA XXIII SEMANA GALEGA DE FILOSOFÍA

Olga Aguiar
Membro da Aula Castelao de Filosofía

«-Dixéronme seguro que era fóra de xogo, dixo Xan.
-No xornal saíu que non, que era unha xogada regulamentaria, apuntou Filipe.
-Non é que eu.... intentou dicir ela.
-Estaba claro que o árbitro estaba comprado, apuntou outro.
-E que eu..... volveu intentar ela.
-Pero eu falei con Pepe que foi ao campo e todo o mundo protestou porque era un claro fóra de xogo, engadiu outro.
-E que digo....seguía intentando ela».

Tres veces intentou dar a súa opinión naquela conversa. Tres. Cinco persoas falando e a súa voz non se oía. Só ela estivera presente no suceso, o tema da conversa, e ninguén a escoitaba. Marisa marchou sen poder dicir que ela non só asistira ao partido senón que era a xuíza de liña. Sabía coma ninguén que, contra o que dicían os seus contertulios, o gol da vitoria non se producira despois dun fóra de xogo.

Ela era a que estaba fóra de xogo naquela conversa. Erguía o timbre de voz pero seguía sen escoitarse. Era unha das tantas conversas fallidas nas que, certo é , as mulleres temos avantaxe, gañamos por goleada.

Permítome hoxe, coa palabra da miña conta, comezar así as conclusións da XXIII Semana Galega de Filosofía porque teño a oportunidade de aproveitar este espazo, o espazo público, que non sempre temos as mulleres; **sinto**, en certa medida, a obriga de poñer en evidencia todos eses silencios, todas as veces que non puidemos dicir, todas as conversas fallidas das que fomos e somos protagonistas... toda a violencia que se exerce en múltiples formas, ás veces tan evidentes que matan e mutilan, ás veces, tan sutís que son dificilmente perceptibeis ou visíbeis. Pero aí están, e estas tamén doen, e someten, e paralizan e evidencian un sistema de dominación, de desigualdade radical que segue pautando responsabilidades, medos e culpas dos que temos que ser conscientes e críticos.

«...entre todos e todas temos que desenmascarar a violencia, comezando pola cotiá, para visibilizala e construír o que aínda temos pendente: acadar o verdadeiro status de cidadanía...».

E o debemos facer para desenmascaralo. Porque, o que si nos quedou claro nesta Semana Galega de Filosofía é que entre todos e todas temos que desenmascarar, denunciar a violencia, a comezar pola cotiá, para visibilizala e construír o que aínda temos pendente: acadar o verdadeiro status de cidadanía, superando o fóra de xogo do silenciado, do privado, do íntimo, do inmediato, do cotiá. Superando o fóra de xogo do xogo da orde establecida baixo a batería de actuacións violentas de "baixa intensidade" (A. Costa)

Tivemos oportunidade, durante estes cinco días, de analizar e debater a violencia que se exerce mesmo desde as institucións baixo a máscara da necesidade de preservar o estado de dereito e a conculcación dos devanditos como dereitos humanos. Puidemos tamén adentrarnos na violencia do pensamento único da "tolerancia cero" que se instala no poder e desencadea a traxedia, o expolio, da que se transmite nos medios de comunicación, a que segue vixente no sistema carcereiro, con carencias sanitarias e de condicións de vida xa insostíbeis; a que se impón nas relacións desiguais de poder, que se exemplificou na que se establece entre médicos e pacientes ou tamén a violencia clasista da escola capitalista. A violencia está en todas partes, ocupa espazos e ámbitos diversos, desde o máis íntimo até o público, e pode ser obxecto de estudo de distintas disciplinas. Quedou isto á vista, no programa deste ano. Déronse cita, o dereito, a psiquiatría, a educación, os medios de comunicación, a filosofía, a análise política, representantes sociais ou a neurociencia por medio de destacados especialistas que diseccionaron un tema que nos atinxe a todos e todas.

Definimos a violencia como "a non resolución dun conflito, tanto individual como colectivo" (Álvarez Pousa), a imposición da forza entre desiguais relacións de poder, que agrede e "xera o medo necesario para facernos máis dóciles, mansos e manexables" (Xosé Manuel Vega). Como unha resposta emocional condicionada pola alteración da

natureza, debido a factores ambientais (Caruncho). Supón o esgotamento da vía do dereito, da falta de respecto á palabra, da incapacidade de dirimir o conflito dende un nivel abstracto, simbólico, dende a negociación. Supón renunciar ao poder da intelixencia, do convencemento, do razoamento, para gañar –ou perder– a paos, na inmediatez.

O aprendido nestes días permítenos desarmar o xogo incomprensible da violencia, sabemos que dispoñemos da mellor arma de construción masiva, a linguaxe como denuncia, como o mellor fármaco dispoñible (Sanfélix), como indignación e dor (Longás), a construción da conciencia crítica no mundo educativo (Costa), a expresión da denuncia da violencia entre iguais (Amaro) e da violencia de xénero (Hernández), a palabra como expresión da liberdade fronte ao medo (Pérez Esquivel), a prensa alternativa e libre fronte á cautiva (Serrano), o recoñecemento da palabra do enfermo (González), e a capacidade de denuncia dunha xuventude afortunadamente en alerta(Taibo).

Nas súas expresións máis evidentes, –a guerra, o asasinato sistemático de mulleres, as palizas e abusos de menores, as agresións relacionadas cos rasgos de identidade dos individuos ou dos pobos–, a violencia asimila aos seres humanos a escoura, pérdese o que concibimos como dignidade humana e rompe os límites do civilizado.

Menos visíbeis, e ás veces violentamente invisíbeis, son outras formas que podemos descubrir á volta da esquina, nas nosas casas ou nas dos veciños, no colexio dos nenos ou no centro sanitario, na conversa coas amizades, diante do volante ou no lugar de traballo. Violencia son, xa o vimos, as conversas fallidas, tamén o silencio, a submisión, o ninguneo, a falta de respecto, a non autonomía económica, a discriminación, as guerras íntimas e cotiás... exemplos que se ven a diario e que pasan a ser os primeiros elos dunha cadea que, en boa medida, culmina nos gravísimos casos de violencia de xénero que son, eses si, máis visíbeis, os que saen nos xornais e nos informativos televisivos.

Violencia é fame, é a pobreza que deixa a mente eivada por falta de alimentos e educación, a explotación por uns poucos dos recursos naturais colectivos, a morte dun familiar por falta dun antibiótico ou unha vacina ou a necesidade de marchar do país para fuxir da morte –atopándose moitas veces con ela nunha patera–, outras, aparece a morte, máis visíbel e con posibilidades de ser retransmitida en directo co epígrafe dulcificador de inmigración.

Violencia é a explotación laboral, o traballo a obra feita, a imposibilidade de protestar, o acoso no traballo, a imposición de horarios que imposibilitan a vida privada, a ausencia de medidas de seguridade porque é custo en tempo e cartos, ou a morte dun obreiro sepultado por non ter feito un muro de contención, noticia esta que ben iría á páxina de sucesos do xornal local.

Violencia é a talla 36 nunha muller adulta, avergoñarse do propio corpo e ter a necesidade de ocultalo, a esixencia de xuventude permanente, a imposición dun canon de beleza universal, que nos marca o mercado a cambio de facer que nos odiemos, a explotación de corpos preparados para ser usados, o tráfico de mulleres por mafias que reciben dividendos por comercializar coa súa dignidade. A redada e captura dos proxenetas daría para unha novela negra ou unha ampla reportaxe nunha revista sensacionalista.

Violencia é facernos crer que a liberdade se gaña nun vehículo a 180 quilómetros por hora, a soidade da vellez, querer residir na primeira liña de costa, converter as vidas e as mortes en espectáculo de reality-show, como ben demostra calquera programación televisiva de hoxe en día.


Violencia é ningunear a lingua propia, a incapacidade para administrar os recursos naturais, invadir de planta foránea os nosos bosques, exterminar os nosos ríos e rías, o desprezo e a destrución dun patrimonio histórico que é unha herdanza de todos e todas, os atentados contra a paisaxe que esperan a ser traxedias coa negrura espesa nas nosas costas para acaparar a apertura de informativos.

Violencia, institucional e social, foi o silencio de setenta anos que ocultou a represión exercida no País. Que os familiares tiveran que agochar aos seus mortos, que os exiliados desapareceran, que os ideais e as ilusións foran borrados baixo o imperio do odio e o fusil. . Nese silencio e na equiparación das vítimas cos verdugos para contar unha das historias da Historia, residía tamén a violencia, vencela significa reivindicar a visibilización da verdade histórica e a memoria. Camiñar cara ao recoñecemento do carácter absolutamente irreversible da acción do mal é aceptar que non hai perdón nin pena xusta (Longás), pero que o futuro só pode ser contando coa verdade, sen mentiras. A Aula Castelao de Filosofía ven contribuíndo de xeito decidido a restaurar, recuperar, a nosa memoria neste ano de homenaxe aos resistentes antifranquistas que tiveron que loitar por defender a legalidade.

A resposta do público nas xornadas desenvolvidas en xaneiro para recuperar a "Memoria da represión franquista en Pontevedra" corroboran que o tempo do recoñecemento está chegado.

Pero desvelar as causas da violencia oculta pasa por buscar as causas do ocultamento, os muros da intolerancia que impiden acadar a "terra sen males" do indio guaraní, a terra da liberdade. Nós para iso temos a linguaxe, a teoría, a filosofía, o instrumento de crítica e transformación que ano tras ano vimos reivindicando. E que ano tras ano vindes apoiando coa vosa presenza e participación. Estas son realmente as causas de que a ACF non esmorecera no clima de asfixia política e económica e de silenciamentos mediáticos, cando non atribucións calumniosas do anterior partido no poder.

«Violencia son as conversas fallidas, o silencio, a submisión, o ninguneo, a falta de respecto, a non autonomía económica, a discriminación, as guerras íntimas e cotiás...».



Pero é tamén o que nos permite agora falar a linguaxe da dignidade coas novas autoridades educativas. Liberar o pensamento, desarmalo da inxenuidade e amansamento ten que ser o alicerce imprescindible de toda democracia firme e adulta, acaroado á rebeldía e a independencia, na resistencia, con compromiso. Sen vitimismo nin neutralidade porque como di Celso Emilio Ferreiro:

«Se dixese que si,
Que todo está moi ben,
Que o mundo está moi bo,
Que cada quen é cada quén,
Conformidá
Admiración...
As cousas son así
Porque si
Se dixera que si,
Entón sería o intre de falar»

> «Non son os pobos os que deben render honores ao goberno, é a inversa: son os gobernantes os que deben gañarse o respecto da cidadanía».
>
> Adolfo Pérez Esquivel

Pero non esta foi tamén a lección que nos deixou Adolfo Pérez Esquivel, "non son os pobos os que deben render honores ao goberno, é a inversa son os gobernantes os que deben gañarse o respecto da cidadanía"

Na Historia do pensamento político utilízase a metáfora recorrente da existencia dun hipotético pasado no que todos os conflitos dirimíanse de maneira violenta, corpo a corpo. Foi unha **comunidade** de homes a que tramitou pola vía do dereito a superación desta inmediatez, dos golpes, da morte, da degradación, mediante acordos, leis e pactos. O dereito pasa a ser o poder da comunidade, esta sublima a violencia nas leis, impón ser conservada de maneira permanente, debe organizarse, promulgar ordenanzas, e garantir co poder coercitivo a súa lexítima existencia. A violencia nos seres humanos non desaparece, sublímase no dereito, que pasa a ser o poder da comunidade. Nace así o **contrato social** como xermolo da construción política moderna, como punto de partida da noción de **cidadanía.**

A cidadanía, concibida para ser vivida no mundo público, o espazo dos homes que intentaban deixar atrás a súa condición de súbditos, foise construíndo a partir da diferenza sexual dos individuos. Foise construíndo na polarización público e privado, na división entre poder e submisión, entre liberdade e subordinación. O que é contrato liberador para o cidadán, eurocéntrico e capitalista, queda relegado ao status de suxeito propiedade dun outro para as mulleres.

É este contrato social/sexual o que aínda impera no profundo da súa normatividade, o que mantén o esquecemento, o que ignora. Os beneficiados deste xogo establecido, as mentes da política e do capitalismo neoliberal dominante, sábeno ben. Os crimes, as aldraxes, seguen afectando as/os politicamente pasivos, aos receptores dos dereitos e deberes que nos atribúen os politicamente activos. Non é gratuíto que as 3 cuartas partes da poboación mundial sexa pobre, e que o 70% sexan mulleres. Non é gratuíto que podamos falar hoxe de XENEROCIDIO. A violencia contra as mulleres causa máis mortes ás mulleres entre 15 e 44 anos que o cancro, a malaria, os accidentes de tráfico ou a guerra xuntos.

Cando as necesidades, desexos e realidades dos invisíbeis son abordados no escenario público faise dende a patoloxía, dende o raciocinio do poder belixerante, prepotente e unívoco no seu discurso. O certo é que andamos escasos de linguaxes construídas dende a realidade e subxectividade dos invisíbeis; habitualmente aceptamos, recoñecemos e lexitimamos todos e todas a polaridade público/privado, a prepotencia do centro sobre a periferia (do que nos alertou Gil de Vicente), e a expropiación da connotación cidadá do espazo dos afectos, das emocións, da desigualdade, da reprodución e da intimidade. Sen ser apenas conscientes seguimos retrasando a democratización da liberdade e con ela a xustiza social, a xustiza individual e un mundo do inmediato máis rico e creativo. Contentámonos con reivindicar necesidades básicas, o contrato laboral, o permiso de residencia, a cota de participación igualitaria no ámbito político. Aínda así non saímos da vella segregación do concepto moderno de cidadanía. Vivimos na implícita submisión dos fóra de xogo.

A liberdade, a igualdade, a cidadanía e os dereitos sexuais quedaron pendentes para as mulleres occidentais na modernidade. E hoxe, coa palabra da miña conta, síntome lexitimada, sen vitimismo, dende a autoridade dos silencios, tantas veces escoitados no mundo das mulleres que me precederon, a esixir unha nova condición de cidadanía, que transcenda á xustiza formal e integre o recoñecemento e a pertenza de aqueles, homes e mulleres, que até o de agora só recibiron como mellor cota de participación, a caridade; a cambio da exclusión do contrato social.

Sabemos tamén que cando tratamos con crueldade transmitimos odio, destrución, creamos mercenarios e opresores. Se nos destrúen, destruímos. Se nos aman, amamos. Se nos recoñecen, somos.

É obrigado neste punto agradecerlle a todos e todas, Institucións colaboradoras, participantes, amigos e amigas, outro mundo debe ser posible, outras regras de xogo son necesarias, as do recoñecemento da diversidade entre os seres humanos, as dunha cidadanía real onde a diferenza de sexo, de cultura, de identidade, da obtención de recursos, non supoña dominio, ninguneo ou aniquilamento. É o tempo de dicir, de resistir ante a violencia visible e de recoñecer o conflito, o disenso, á procura dun novo xogo onde a participación supoña escoitar, pactar, negociar, entre seres realmente iguais e libres. Escoitemos os sentimentos, as emocións e desexos. Utilicemos a forza da palabra para crear outra realidade. Rompamos o discurso do xogo inxusto. ⌘



A NOITE DE SAN XOÁN, O LUME E A AUGA

por Juan J. Burgoa

¿ Quen pode esquecer de vello
os seus tempos de rapás ?
¿ Quen pode esquecer a noite,
a noitiña de San Xoán,
co seu séquito de bruxas,
fogueiras, baños no mar,
augas de rosas, parrandas,
troulas, bailes.... e aínda máis ?
¡ Se ata vellos como somos,
os fogos imos brincar !

Alfredo Brañas

A orixe da maioría das festas tradicionais da terra galega ten un carácter fundamentalmente agrario que se relaciona cos catro elementos que propician a vida: o lume, a auga, a terra e o ar. A súa vez, estes catro elementos están nunha directa relación coas catro estacións do ano, tendo lugar desde tempos inmemoriais nos respectivos inicios das mesmas (os chamados equinoccios e solsticios) as máis importantes festividades coas que o home das sociedades tradicionais rememora e celebra os renovados ciclos da vida.

A festa de San Xoán é unha das máis interesantes do ano, tratándose do santo que recibiu o culto máis intenso en todos os países cristiáns de Europa e quizais sexa o máis representado no santoral da Igrexa Católica; tan só en Galicia é o patrón de vinte concellos. Ademais San Xoán Bautista ten múltiples padroados ao longo do continente europeo sendo patrón, entre outros, de músicos, xastres, peleteiros e profesionais da hostalería, protector das viúvas e avogado da colleita do pan, tendo herdado a súa festa unha serie de prácticas, ritos e costumes propios de festividades precristiás.

Aínda que a súa festa é o día 24 de Xuño, a súa celebración realmente comeza a véspera, mentres que a súa relación co mundo da bruxería así como co lume, a auga e as plantas interesou a antropólogos, etnógrafos e estudiosos dos costumes e da cultura do mundo occidental, considerándose que esta festividade representa a batalla entre as forzas do ben e do mal. Durante a noite máis curta e más telúrica do ano, coa presenza dos elementos terra, lume, ar e auga, na compaña de música e danza, o ambiente énchese dun espírito máxico que o embebe todo.


Aínda que estendeuse a crenza de que a estreita relación da noite de San Xoán co mundo das fogueiras provén do erro histórico de confundilo Bautista con San Xoán Evanxelista, que foi condenado a morrer no lume, non debe desbotarse a lenda recollida polo etnógrafo Taboada Chivite en varios lugares de Galicia, atribuíndo a orixe dos lumes desta noite á fogata acesa no cumio dun monte polo pai de San Xoán Bautista para proclamar o nacemento do seu fillo.

En Galicia a festa de San Xoán ten gran raizame popular e está ligada a todos os ritos do solsticio do verán, censándose en máis de dous centenares o número de freguesías baixo o seu padroado, o que indica a antigüidade do seu culto. Un dos costumes máis xeneralizados desta festa é a de acender as luminarias, tamén coñecidas segundo os diversos lugares da Comunidade onde se levantan cos diferentes nomes de cacharelas, fogatas, afumes, laradas, lumes novos, fogueiras, fumazos, folións, lumeiradas ou queimas.



Ilustración 1. A roda de San Xoán . Alfonso R. Castelao (1920)

As luminarias acesas cando chega a media noite, con fins de purificación e rexeneración, nas prazas das vilas, nos rueiros das aldeas, a carón das encrucilladas rurais ou nos cumios dos montes, pero case sempre en espazos comúns de veciñanza, son tamén un exemplo de colaboración comunal para lograr o seu maior tamaño, mentres persisten antigos ritos e costumes como o de carrexar os rapaces a leña desde corenta días antes, saltalas nove veces coa esperanza de atopar parella nese mesmo ano ou bailar arredor das fogueiras as mozas e mozos en corro e collidos da man. Nos últimos tempos a inevitable cultura das sardiñadas vén a engadir un oportunista toque gastronómico a esta celebración.





Ilustracións 2, 3 e 4. Herba de San Xoán. Fiuncho. Dedaleira

Tamén no eido rural, cando a lume ía morrendo, facían pasar o gando da casa por riba das cinzas como medio de libralo do meigallo, espallando logo estas cinzas nas hortas para asegurar unha boa colleita. Outro costume xa case perdida era a de engadir leña verde coa intención de facer moito fume, para así escorrentar as bruxas e meigas nunha noite tan favorable á presencia das mesmas. Así mesmo outros ritos moi relacionadas con esta data son as de adiviñación por se considerar esta noite moi axeitada para coñecer o porvir, sendo ancestral o uso dun ovo escachado nun prato con auga na media noite e vendo a forma que adopta na mañá seguinte. Tamén tiña lugar o costume de ver "bailar o sol no abrente", rito polo que a xente sobe a un outeiro para, despois de lavaren os ollos en auga florida, contemplar o fenómeno natural da refracción do sol na amañecida do día máis longo do ano.

Outro elemento natural que está relacionado moi directamente con esta festa é a auga, que sempre aparece chea de carga simbólica e ritual, tanto no caso de aquela que procede de fontes milagreiras ou de lagoas con relatos lendarios (un auga salutífera e curadora do bocio e das enfermidades da vista e da pel), como cando tómase o baño fecundante das nove ondas en moitas praias ou debaixo das pontes de certos ríos, sempre ao chegaren a media noite. Ademais é unha práctica moi tradicional o lavado da cara na amañecida de San Xoán coa flor de auga procedente do rosada da noite anterior, unha vez aderezada de herbas olorosas.

«Colócanse nas vivendas ramos de sabugueiro, loureiro e espadanas para escorrentar diaños e bruxas».

Nesta data ten gran importancia o mundo vexetal. Os mozos penduran nas casas das rapazas herba boa, sanxoáns e flores variadas e colócanse nas vivendas ramos de sabugueiro, loureiro e espadanas para escorrentar diaños e bruxas. As herbas e as flores teñen unha gran tradición de uso dentro dos rituais purificadores da festa de San Xoán. Entre as abondosas plantas recendentes que se recollen nestas datas, sempre antes do abrente, para a súa utilización con fins sanadores ou simplemente profilácticos, pódense lembrar os nomes do fiuncho, dixital ou dedaleira, codeso, fento macho, ameneiro, malva, romeo, herba luísa, pouta de lobo, espadana e bieiteiro.

No que se refire á tradición escrita e oral do imaxinario popular galego, en poucos casos como o de San Xoán pode citarse un número tan abondoso de lendas, contos, coplas e refráns populares arredor da súa data e festividade. Os traballos do campo, a gastronomía, as festas, as crenzas populares e tempo atmosférico aparecen de xeito recorrente nelas. Personaxes míticos como Xan de Arzúa, Xoán de Outeiro, Xan Carallas ou Xoan Soldado son protagonistas de moitos contos e cantigas ao longo de Galicia. Numerosos refráns como *En San Xoán, tanto queixo como pan, Por San Xoán a sardiña molla o pan* ou *En San Xoán a fouce na man*, son exemplos da raizame popular desta festa. Tamén coñecidos escritores e poetas dedicaron as súas composicións a esta festividade tradicional.

Neste aspecto literario cómpre lembrar o monólogo *A noite de San Xoán* que estreou o ano 1917



no Teatro Jofre un esquecido e significado ferrolán, Emiliano Balás Silva, médico, escritor e pintor. Foi Presidente en dúas etapas do Ateneo Ferrolán, Socio de Honra do Real Coro Toxos e Froles, impulsor das Irmandades da Fala, membro da Real Academia Galega e participou en todo tipo de actividades culturais levadas a cabo na nosa cidade entre os anos 1890 e 1934, escribindo numerosas obras poéticas e teatrais en lingua galega, feito meritorio e precursor naquelas datas. O seu galego escrito, hiperenxebre e non sempre doado de ler, apóiase na fala popular, cun vocabulario rico, cheo de ironía e retrincos costumistas, aínda que non exento de castelanismos.

Ao longo de Galicia algúns concellos urbanos tratan de recuperar o costume de acender as fogueiras de San Xoán, cunha intención tinguida de populismo barato e con certo cheiro propagandista, mentres eséndese hoxe o costume de que a xente nova levante as luminarias nas praias das cidades importantes, como escenario da súa noitébrega afección ao consumo a esgalla de bebidas alcólicas. Máis loables son outras iniciativas, como ocorre na veciña parroquia naronesa de Santa María do Val, onde os veciños aproveitan a festividade desta máxica noite para recrear a posta en escena da coñecida lenda da fada da Pena Molexa, nun acto de recuperación do patrimonio etnográfico.

No que atinxe a nosa urbe xa non teñen lugar aquelas grandes luminarias de tempo atrás como a que se acendía na rúa Insúa do barrio de Canido, segundo se baixaba cara á fonte do seu nome, ou a da estrada de Castela, no cruzamento de San Xoán de Filgueira, onde esperabamos ao paso do derradeiro tranvía camiño de Cocheras para plantarlle lume xusto coa media noite. Sen embargo, numerosas parroquias do rural e varios barrios do núcleo urbano de Ferrol seguen a levantar as súas fogueiras na véspera de San Xoán. Quizais a máis coñecida é a monumental e tradicional luminaria de Esteiro, ata hai pouco acesa fronte ao Cuartel de Dolores e máis tarde no campo de Batallóns, pero sempre coa mantida tradición e a concorrida presencia dos veciños do barrio.

«Emiliano Balás Silva, médico, escritor e pintor foi Presidente en dúas etapas do Ateneo Ferrolán, Socio de Honra do Real Coro Toxos e Froles, impulsor das Irmandades da Fala e membro da Real Academia Galega».

24 DE MAIO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES ANTIMILITARISTAS

AS MULLERES DICIMOS NON ÁS GUERRAS

A Coordinadora Nacional da Marcha Mundial das Mulheres na Galiza, facéndose eco da convocatoria internacional que a organización feminista estadounidense CODEPINK, que agrupa tamén mulleres de Iraq, realizou unha serie de actos en varias cidades do noso país para reivindicar unha solución dialogada e pacífica para os conflitos armados que asolan o noso planeta, nomeadamente a guerra de Iraq.

Un grupo de mulleres de Estados Unidos iniciou no ano 2002 as accións de protesta para denunciar a invasión de Iraq por parte da Administración Bush.

Medea Benjamin, Jodie Evans, Diane Wilson, Starhawk organizaron con outro centenar de mulleres unha protesta fronte á Casa Blanca.

O seu distintivo: a cor rosa e a reivindicación de paz para Iraq.

O movemento creceu considerablemente dende entón.

COMUNICADO DA ORGANIZACIÓN CODEPINK

O chamamento das mulleres pola paz, unha demanda urxente:

Nós, as mulleres dos Estados Unidos, do Iraq e as mulleres de todo o mundo, dicimos BASTA à guerra sen sentido no Iraq, e aos ataques crueis contra outros pobos no mundo. Soterramos demasiados dos nosos seres queridos. Vimos demasiadas vidas mutiladas polas feridas físicas e psicolóxicas. Ollamos con horror como os nosos recursos preciosos son utilizados para a guerra mentres que as necesidades básicas das nosas familias, como a comida, o aloxamento, a educación, e o acceso ao coidado médico, non están disponibles para elas.

Non temos máis paciencia para vivir con medo constante fronte à ameaza da violencia, e ver como o incremento de cancro do odio e da intolerancia estanse infiltrando nas nosas casas e comunidades.

Este non é o mundo que queremos nin para nós nin para as nosas fillas e fillos. Co lume no estómago e o amor no corazón, nós, as mulleres, estámonos a erguer sen fronteiras para nos unir e demandar unha fin ao derrame de sangue e á destrución.

Vimos como a ocupación estranxeira de Iraq orixinou un movemento armado en contra dela, perpetuando un ciclo de violencia sen fin. Estamos convencidas de que este é o mellor momento para facer a transición dun modelo militar a un modelo de resolución pacífica do conflito, que inclúa os factores seguintes:

A retirada de todas as tropas e combatentes estranxeiros do Iraq.

Negociacións para a reincorporación d@s iraquís descolocad@s en todos os aspectos da sociedade do Iraq.

A plena representación das mulleres no proceso de paz e un compromiso coa igualdade completa da muller no Iraq após a guerra.

Un compromiso para descartar a construción de calquera base militar estranxeira no Iraq.

O control do petróleo e de todos os demais recursos por mans iraquís.

A anulación das leis de privatización e de desregulación, imposta baixo a ocupación, permitindo ás e aos iraquís orientar a traxectoria económica da pos-guerra;

Un esforzo masivo de reconstrución que priorice aos contratistas iraquís, con financiamento dos países responsables da invasión e a ocupación do Iraq.

Considerar a creación dunha forza internacional provisional de paz, que sexa verdadeiramente multilateral e que non estea integrada por ningún dos países que participaron na ocupación.

Para avanzar neste proceso de paz, estamos a crear un movemento masivo de mulleres, que abarca múltiples xeracións, razas, etnias, relixións, fronteiras e tendencias políticas.

Xuntas, imos presionar aos nosos gobernos, ás Nacións Unidas, á Liga Árabe, aos Premios Nóbel da Paz, aos líderes relixiosos e outr@s na comunidade internacional, para que interveñan para axudar a negociar unha solución política.

E nesta época de fundamentalismos divisionistas, chamamos ás e aos líderes do mundo para unirse a nós para que avancen os valores fundamentais do amor á familia humana e á protección do noso precioso planeta.

Galiza 24 de maio de 2006

WOMEN SAY NO TO WAR! · LES FEMMES DISENT NOM A LA GUERRE ! · LAS MUJERES DICEN NO A LA GUERRA · AS MULHERES DIM NOM À GUERRA ! · AS MULLERES DIN NON Á GUERRA!

CODEPINK http://www.womensaynotowar.org

O SUFRAXIO FEMININO EN ESPAÑA O SUFRAXIO FEMININO EN ESPAÑA

PARA MERCHI

Por Isabel Lodeiro Vales











De arriba abaixo: Carmen de Burgos, Clara Campoamor, Margarita Nelken, Victoria Kent e Federica Montseny.

Con motivo do setenta e cinco aniversario da Segunda República que estamos a celebrar este ano, tamén temos que celebrar que nese mesmo ano, 1931, as Cortes Españolas deron luz verde ó sufraxio feminino en España, feito este que se foi fraguando pouco a pouco logo dun forte debate en España que foi debedor do Séneca Falls que se celebrou o 19 de xullo de 1848 en Nova Iork contando coa asistencia de centenares de mulleres e que foi o punto de partida do sufraxismo e a primeira reivindicación pública do voto e de denuncia das desigualdades entre o home e a muller.

O feminismo coma concepto chega a España principalmente baixo o prisma do sufraxismo e das radicais actuacións das militantes inglesas.

Mais, se tivesemos que centrarnos nalgunhas figuras teriamos que sinalar coma precursora a Carmen de Burgos Seguí para a continuación mencionar a Victoria Kent, Margarita Nelken e a figura que máis importancia tivo neste proceso a Clara Campoamor como se descobre no libro "Las modernas de Madrid. Las grandes intelectuales de la vanguardia"(1).

Así para comezar este artigo temos que falar en primeiro termo de Carmen de Burgos Seguí (Colombine)(2), (Almería, 1867- Madrid, 1932) que foi unha muller de gran importancia na súa época, que acadou ser a primeira xornalista redactora, así como correspondente de guerra, foi tamén profesora, escritora e tradutora.

Mais se hai algo que destaque dela por riba de todo é que en 1921 foi membro fundadadora da "Cruzada de las Mujeres Españolas" e interviu ante as Cortes pedindo o voto feminino e encabezando así as primeiras reivindicacións sufraxistas serias en España.

Destaca o seu libro "La mujer moderna y sus derechos" (1927) que é a súa aportación máis importante á loita polos dereitos das mulleres españolas no primeiro tercio do século vinte e é ademais un libro que adianta moitas das argumentacións e demandas que outras mulleres farán súas ó longo do século vinte.

Cunha marcada perspectiva histórica é un libro baseado por unha banda na explicación e a denuncia da realidade da muller e por outra banda na revelación das incongruencias e falsidades das opinións de autores ilustres.

Proseguindo co artigo e posto que imos centranos nos anos trinta, hai que salientar que neses anos viviuse un crecente interese polos dereitos da muller en España e a súa crecente incorporación á vida pública. Así proliferaron múltiples asociacións políticas de mulleres pero tamén debates xornalísticos sobre o sufraxio, o divorcio e outras cuestións importantes para as mulleres.

Estes feitos insólitos en España tiveron como cume que nas primeiras eleccións da Segunda República celebradas en 1931 gañaron tres escanos Victoria Kent e Clara Campoamor polo Partido Radical Socialista e a socilista Margarita Nelken. A anarquista Federica Montseny ocupou a carteira de Sanidade.

Imos pois proseguir este artigo falando destas tres mulleres que conseguiron os escanos.

Margarita Nelken (Madrid 1896-1968)(3), o valor máis destacable na produción e traxectoria intelectual dela é a coherencia establecida entre o pensamento e vida, no tocante ás súas concepcións ideolóxicas, políticas , sexuais, e ó seu coñecemento.

Nelken foi escritora, política, feminista e congresista e nos comezos dos anos vinte comeza a afondar máis nas cuestións sociais, epecialmente no tema da muller. Destes feitos naceu a súa obra "La condición social de la mujer" que é en realidade o primerio libro que trata dun modo xeneral a situación lamentable na que se atopaba a muller española. O seu vasto coñecemento das leis, as súas acertadas observacións sobre as mulleres fronte ó matrimonio, o divorcio, a educación, revela a súa erudición e sobre todo a súa gran capacidade de realizar investigacións sociolóxicas.

Mais Nelken foi tamén moi polémica para o tema que estamos a tratar pois defendeu taxantemente o rexeitamento ó sufraxio feminino pola súa crenza de que á muller española lle faltaba conciencia social e que non experimentaran os cambios sociais acaecidos en 1931.

Outra muller importante foi Victoria Kent(4) (1892-Nueva York

1987) que foi unha muller inconformista, innovadora cunha gran convición humanitaria especialmente ante os presos. Foi a primeira muller na Escola de Avogados, a primerira directora de prisións e unha das primerias parlamentarias, pero para o tema que nos atañe tampouco estaba a favor do sufraxio feminino porque para ela por riba de todo estaba a República e quería defender a esta para concerderlle a oportunidade de saír adiante.

Chegados a este punto imos adentrarnos na figura máis importante deste tema que é Clara Campoamor Rodríguez(5) (1888) que foi unha muller moi loitadora que comezou traballando coma secretaria na redacción do xornal "La Tribuna", en 1909 consegue un posto de funcionaria do corpo de Correos e Telégrafos, no ano 1914 consegue un posto coma profesora de taquigrafía e mecanografía en Madrid, ó mesmo tempo traballa en "La Tribuna", "Nuevo Heraldo", "El Sol" e "El Tiempo", e en 1925 comeza a exercer a profesión de avogada.

Como vemos, estamos ante unha muller decidida, ben preparada e disposta a abrirse camiño por riba da realidade das mulleres do seu tempo, nunha época na que a muller española comeza a tomar conciencia da súa situación social.

Centrándonos no tema que nos atañe temos que dicir que o 1 de setembro de 1931, Clara Campoamor intervén por primeira vez nas Cortes para pedir o sufraxio feminino, e cara a finais do mesmo mes vai manter a primeira polémica con Victoria Kent sobre a interpretación e redacción dun artigo sobre o voto feminino.

O 1 de outubro, ten lugar un novo e acalorado debate sobre o voto feminino, nel a deputada socialista Victoria Kent propón o aprazamento do dereito. Novamente Clara Campoamor mantén o pulso mesmo sabendo que as outras parlamentarias coma Margarita Nelken teñen a mesma visión oportunista de dar o non ó dereito ás mulleres e que a gran maioría do Partido Radical votará en contra da súa proposición. A Lei sae adiante por 161 votos a favor e 121 en contra. Grazas ó tesón de Clara Campoamor o sufraxio feminino universal para as mulleres maiores de idade, en igualdade cos homes convértese en realidade.

Mais, en decembro propúxose unha emenda para derrogar o voto nacional para a muller e para propoñer que as mulleres só votaran nas eleccións municipais. A marxe de diferenza foi mínimo: 127 estaban en favor da emenda, e 131 en contra; de modo que seguiu en pé o sufraxio feminino durante os anos da Repúlica. Nesta ocasión Nelken ausentouse das sesións para non ter que votar e Kent voutou en contra. Varios grupos femininos celebraron unha homenaxe a Clara Campoamor polo seu tesón en todo este proceso.

Finalmente cómpre mencionar que de todo o acontecido naquelas Cortes Constituíntes dá conta o libro máis divulgado de Clara "Mi pecado mortal: el voto femenino y yo" (1936), deste libro pode decirse que é un dos documentos máis veraces que se poden ler sobre o polémico debate do voto feminino en España.

Dicir que os razoamentos ben argumentados de Clara venceron na Cámara de 1931; as súas dotes de oradora convenceron a todo un Parlamento, malia a falta de apoio do seu propio partido.

NOTAS:

(1) SHIRLEY MANGINI: *Las modernas de Madrid. Las grandes intelectuales de la vanguardia*.Barcelona, Península, 2001
(2) CASTILLO MARTÍN, Marcia: *Carmen de Burgos Seguí, Colombine*. Madrid, Ediciones del Orto, 2003
(3) MARTINEZ GUTIÉRREZ, Josebe: *Margarita Nelken*. Madrid, Ediciones del Orto, 1997.
(4) RAMÓS, María Dolores: *Victoria Kent*. Madrid, Ediciones del Orto, 1999.
(5) PACHECO VÁZQUEZ, Mercedes: *Clara Campoamor e a loita polo voto feminino*. Santiago de Compostela, 2006.
Dicir que este último libro atópase na biblioteca do Ateneo Ferrolán a disposición dos socios.



Páxaros de barro

I
Ocorreu unha vez, nun sitio calquera,
en calquer lugar;
Aspas do muíño ao vento
E un espantillo replegado sobre sí
Coma unha árbore sen follas
Unha muralla de plumas entre realidade e ficción
Quería voar coma as aves
E sentí-la luz de domingo entre os campos de millo
mailo sono quedaba lonxe.
Abriu as mans canda o sol do verán
Para sentí-lo ceo aberto
e toca-las nubes
cos seus dedos de terra e tempo.
Cada día sobreescribíase no día anterior
e pechábase na súa sombra
aquel sentimento irreflectible
que aplaudía a un ar indiferente.
Non hai regras na materia debuxada
E aquel que voa alto
cae coma ave ferida polos deuses
e o espantillo escoita as voces celestes que morren,
neno sen sorriso,
que pecha a su ador
co verso dun tempo cegado
e dun futuro que está por vir.
Quixeron ver nel un rostro inflexible
unha faz de frío estremecemento
con dúas ventas etéreas
coas que construír a Ítaca soñada.
Agora, as suas mans e ollos están secos
pero son tan profundos coma
un pozo sacro no val de Aran.
O azul tinxido,
Galería de monstros,
Zarzas somnolentas, en medio dos xigantes
sedentos de dúbidas
a vida é un cadro polo que transita
coma un cabalo desbocado
persegues unha saída
mailo seu Segismundo interior consúmese.
¿Cal é a chave do paraíso?
Os silogismos de amarga tibieza
disfrazaron os seus recordos orfos.

II
Sobes a longa escaleira
Entre aspas de lume esquecido
Briznas de paixón e loucura
A cruz do vento
erra coma un fidalgo de lenda
cando o fillo da brisa
ten o ser coma obsesión.
O muíño era un páxaro de ferruxe
unha vara acendida,
as cores do vento
ulían a herba
era cedo para todo
e tarde para cambiar
verbas prohibidas
versos tecidos ao amencer
coma un tren que se da á fuga.
O sol prometeu non olvidalo
e o río quixo xogar con él
ás agochadas en busca do tempo perdido
e quedo usó un fío.

III
Hay dúas clases de historias:
Amor e odio, vida e morte
A voz do trono, mecanismo de vagaos
o sospiro quedo, tempo de esperanza
cravos en lúa crecente
escrito filmado en branco e negro
adiviña do sí e do non
o espantallo e águia
o espantillo e auga
puido voar e navegar
na súa morada invisible
mascarada en movemento
que muda de paisaxe
por cidades de vidro e naipes
a rama que creba-lo vidro
a man seca que prende a saia
a cinza que queda na cheminea
pasado, presente e futuro
do que ocorreu unha vez,
nun sitio calquera, en calquer lugar
cando unha moura ave
axexaba en silencio
por iso os corvos son negros.

Poemas baseados na curtametraxe:
La leyenda del espantapájaros
de Marco Besas

Arantxa Serantes



CAMIÑO DO CORAZÓN

Deixo atrás no meu camiño,
unha amizade fulgorosa,
fragante cal bela rosa,
aleivosa nos espiños.

Espiños no meu camiño,
de doridos a sangantes,
testemuñando modais,
de ironías e cinismos.

Cinismos non merecentes,
no meu corazón en flores,
sen sentir dó de amores,
nen do seu corpo doente.

Doente queda o camiño,
con feituras indolentes,
a troques de deferentes,
no máis vero cariño.

Cariño quedou no camiño,
sementeira de ambrosía,
bondade e súa alegría,
humbría, quedou no camiño.

Camiño agora escabroso,
onde antes era beleza,
silandeiro el manifesta,
penas no chan amoroso.

Amoroso segue o camiño,
do ferido corazón,
pechado a ruín fenón,
créndoo cadora xenuíno.

Xenuíno corazón,
séntese moi malfadado,
por se haber abrazado,
sentíndo el fruición.

Fruición en decepción,
asemellando cristalino,
deixou enfouzado camiño,
de asañosa ambición.

Ana Arias Saavedra

Xogo maldito

Tocaches as poutas do frío
e retáchesme a xogar contigo,
aceptei o teu corpo ferido,
como a aposta do meu xogo maldito.

Ti quixeches xogar comigo...

Miráchesme co ar do eterno vencido,
e suspirei por achar nos teus ollos de vidro,
algo que che recordase os tempos vividos.
Mais ti quixeches xogar comigo...

Charlatanería estúpida do que se sabe afundido,
trampas que xa non cambiarán o destino,
ti querías atoparme e eu cebarme do teu corpo
tullido.
Ti quixeches xogar comigo...

Perdiches e o sabías, e por iso te maldigo
por fundirte no bico do meu ser mortífero,
por facer chorar ós meus ollos baldíos.
Mais ti quixeches xogar comigo...

Collinte das mans e leveite comigo
á nada, ó inferno, ó paraíso perdido..
onde ó fin descansaches e quedaches durmido.
No sono eterno, do eterno vencido.

Sara Cienfuegos

16º Certame de "FOTOGRAFÍA DE MEDIO AMBIENTE 06"

1º PREMIO "FOTOGRAFÍA DE MEDIO AMBIENTE 06"
"ARDE GALICIA"
de GABRIEL TIZÓN (Ferrol)

2º PREMIO
"NÉBOA CON FAROLA"
de ASIER CASTRO DE LA FUENTE (Bilbao)


3º PREMIO
"CORES AGRESIVAS"
de KIKO ARCAS GARCÍA (Vigo)

Mencións Especiais do Xurado (Finalistas): "ISLA DEL RÍO" de Gabriel Tizón; "NÉBOA PRIMAVERAL" de Asier Castro de la Fuente; "PINOS AL ANOCHECER" de Victor Rivera Jove e "COLOR DE OTOÑO" de Martín Debén Sánchez



2º PREMIO do 16º Certame de "FOTOGRAFÍA DE MEDIO AMBIENTE 06" "NÉBOA CON FAROLA" de ASIER CASTRO DE LA FUENTE (Bilbao)

1° PREMIO "FOTOGRAFÍA DE MEDIO AMBIENTE 06"



ATENEO FERROLÁN

www.ateneoferrolan.org